



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 12 de xuño de 2023 (1460/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dezoito horas do día doce de xuño de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. O concelleiro Sr. Losada Álvarez incorpórase á sesión en modo online por causa médica.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(455).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(456).- DESISTENCIA DO CONTRATO DOS SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSEINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 5162/611.**

Dáse conta do informe-proposta de data 12/06/2023, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e conformado pola concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación por procedemento aberto dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de Deportes (PCAP)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 27 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) aprobou o expediente de contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de Deportes (5162-611), autorizou o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** En data 31 de marzo de 2023 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e abriuse o prazo de presentación de ofertas.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** En data 3 de maio de 2023, a Mesa de Contratación procedeu a apertura administrativa e cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, e acordou, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a FCC AQUALIA, S.A. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Outorgar un prazo de tres días a SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, S.A. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Concretamente deberá presentar novamente o DEUC do licitador así como dos tres terceiros a cuxa solvencia recorre (ACTIVITATS D'ESPORTS, GESTIÓ I SALUT, S.L. -ADEGÍS-, SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, S. A. e SEAESITGES, S.L.) no que respondan a todos os motivos de exclusión recollidos na parte III (o motivo relacionado coa "corrupción" non foi contestado).

**Cuarto.-** En data 11 de maio de 2023, a Mesa acordou admitir a SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, S.A., unha vez enmendada a documentación. A continuación procedeuse a apertura do sobre B e solicitouse informe sobre o mesmo ao servizo xestor.

**Quinto.-** En data de 19 de maio de 2023, a Mesa aceptou o informe de valoración do sobre B e procedeu a apertura do sobre C, e a solicitar informe sobre o mesmo ao servizo xestor.

**Sexto.-** En data 22 de maio de 2023, o servizo xestor emite informe de valoración do sobre C, no que entre outros extremos afirma que:

*"Analizada as ofertas FCC Aqualia no apartado 3 do modelo de proposición económica indica un prezo superior ao prezo indicado no apartado 7B) das FEC subapartado 1 Redución do prezo anual a aplicar sobre o valor dos servizos relativos ao funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato (parte fixa do contrato): 2.177.878,77 euros s/IVE, polo que atendendo a cláusula 14.C do PCAP o orzamento proposto para a parte fixa do contrato excede o orzamento de licitación xa que o importe de 8.580.842,34 prezo anual por catro anos de contrato alcanza a cantidade de 34.323.369,36 s/ive.*

*Tendo en conta o indicado no parágrafo anterior non cumpre co apartado 14.C polo que propónse a mesa de contratación a exclusión do proceso sen entrar a valorar os outros apartados da oferta.*

*A vista do que antecede, a oferta de SEAE S.A queda como única oferta válida, a mesma non incorre en baixa temeraria, e outórgaselle a máxima puntuación en todos os apartados de puntuación mediante fórmula".*

**Sétimo.-** Na orde do día da Mesa do 1 de xuño incorporouse como punto a entrega e aceptación do informe de valoración do sobre C. No entanto, o servizo xestor solicitou que se retirase o punto da orde do día por ter detectado un erro no mesmo.

**Oitavo.-** O servizo xestor emite un novo informe de valoración do sobre C o 31 de maio de 2023. Tras reproducir literalmente as ofertas económicas de ambos licitadores realiza a seguinte interpretación:

*“Analizada as ofertas FCC Aqualia no apartado 3 do modelo de proposición económica indica un prezo anual de 8.580.842,34 €) sen iva e un prezo total do contrato con IVE de 10.382.819,23 €. SEAE S.A. no mesmo apartado indica un prezo anual sen iva de 2.149.783,33 euros, e un prezo total do contrato con iva de 2.601.237,83 euros.*

*Si temos que atender a redacción literal do modelo de proposición económica as dúas ofertas realizan unha interpretación diferente para indicar o prezo anual e o prezo total do contrato.*

*FCC Aqualia indica un prezo anual s/ iva superior ao do criterio de valoración pero sen embargo indica un prezo total do contrato con iva que é acorde ao valor do contrato da parte fixa para os catro anos. Xa que o contrato que se licita e por un período de catro anos e polo tanto a cantidade anual con iva sería de 2.595.704,80 € e sen iva 2.145.210,58 valor que é inferior o prezo anual que se indica no criterio de valoración da parte fixa do contrato sen iva 2.177.878,77 euros. Sendo, polo tanto, o valor que se obten para o prezo anual coherente con apartado do criterio de valoración.*

*SEAE S.A. indica un prezo anual sen IVE 2.149.783,33 euros, e prezo total do contrato de 2.601.237,83 euros con IVE. Indica o prezo anual inferior o valor do criterio de valoración, e polo tanto un valor correcto pero indicando un prezo total do contrato que non cubriría os catro anos de contrato con iva, pero sen embargo se temos en conta que o período de tempo do contrato é de catro anos o seu importe sería de 10.404.951,32 euros con iva, o cal é tamén un valor coherente para a totalidade dos 4 anos de contrato.*

*A vista do exposto os dous licitadores realizan unha interpretación diferente do modelo de proposición económica do sobre C no apartado 3, xa que o mesmo modelo da lugar a dita interpretación, pero as dúas ofertas, analizadas os importes, son coherentes para ambos casos. FCC Aqualia para o total do contrato e SEAE para a anualidade do contrato. Tendo en conta que o contrato é de catro anos e que os orzamentos descompostos, detallados polos dous licitadores, recollen os importes para dito período, e son coherentes, deben considerarse as dúas ofertas para a valoración segundo os criterios valorables a través de fórmulas”.*

**Noveno.-** Na sesión da Mesa de 7 de xuño de 2023 acordouse:

*“Entrégase o informe asinado polo adxunto e o xefe do Servizo de Deportes o 31 de maio de 2023 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.*



## Concello de Vigo

*A continuación a xefa do Servizo de Contratación pon de manifesto que o apartado 3 do modelo de proposición económica, contido no apartado 6.B das Follas de especificacións do contrato (Anexo I) do PCAP di:*

*“3.- Propón como prezo anual sen IVE dos servizos relativos ao funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato o de ..... euros, sendo a cota correspondente o IVE a de ..... euros o que supón un prezo total do contrato de ..... euros”.*

*Pódese apreciar que na primeira parte se refire ao prezo anual dos servizos relativos ao funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato; no entanto, na súa segunda parte refírese ao prezo total do contrato. Sendo así que o prezo total do contrato, tal e como dispón o apartado 3.A das FEC, consta dunha parte fixa e dunha parte variable.*

*Así as cousas, é manifesto que a redacción do citado apartado do modelo de proposición é confusa e induciu a error aos licitadores á hora de formular as súas ofertas. De feito, cada un deles fai unha interpretación diferente. E aínda que se solicita un orzamento detallado do servizo, á vista deste tampouco é posible determinar cal era a intención dos licitadores, pois comprende conceptos que non están relacionados co citado criterio de adxudicación, e non é sinxelo determinar a verdadeira intención dos licitadores e o prezo ofertado para a parte fixa do contrato. O propio servizo xestor do contrato realizou dúas interpretacións distintas do contido das ofertas nos seus informes do 22 e de 31 de maio.*

*Á vista desta circunstancia, parece preferible, en aras da seguridade xurídica, propoñer ao órgano de contratación a desistencia deste procedemento e rectificar, tanto o modelo de proposición como o contido orzamento detallado do servizo, para que teña relación cos criterios de adxudicación, e iniciar unha nova tramitación para a adxudicación do devandito servizo.*

*A titular da Asesoría Xurídica pronúnciase a favor da argumentación da xefa do Servizo de Contratación por considerar que é máis segura xuridicamente e a vogal suplente do interventor xeral reforza esta conclusión ao sinalar que dos orzamentos detallados presentados non se pode deducir a vontade dos licitadores cunha simple operación aritmética, como sostén a doutrina dos tribunais de recursos contractuais. Tamén se fai fincapé en que ningún dos licitadores fixo uso do seu dereito a solicitar a aclaración de dúbidas sobre os pregos, con carácter previo á presentación das súas proposicións, tal e como prevé a cláusula 11 do PCAP.*

*O xefe do Servizo de Deportes, á vista da argumentación da xefa do Servizo de Contratación e demais membros asistentes, pronúnciase a favor da desistencia do procedemento.*

*En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, remitir o expediente ao Servizo de Contratación para propoñer a desistencia deste procedemento”.*

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O artigo 152 LCSP contempla a desistencia do procedemento de adxudicación por parte da Administración indicando no seu apartado cuarto que este deberá fundarse nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación e que deberá xustificarse a concurrencia da causa no expediente.

**Segundo.-** Pola súa banda, o artigo 152.2 LCSP establece que a desistencia do procedemento de adxudicación so se poderá acordar, por parte do órgano de contratación, previamente á formalización do correspondente contrato.

**Terceiro.-** A desistencia non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación de conformidade co disposto polo devandito artigo 152 LCSP.

**Cuarto.-** Dos feitos descritos no antecedente noveno queda acreditado que se produciu unha infracción non emendable das normas reguladoras do procedemento de adxudicación do contrato do artigo 145.4 LCSP, por causar obscuridade a Administración na redacción dun dos criterios de adxudicación do contrato.

**Quinto.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

**Sexto.-** O artigo 152.1 LCSP establece que no caso de que o órgano de contratación desista do procedemento de adxudicación notificarao aos candidatos ou licitadores

## **ACORDO**

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Desistir do procedemento de adxudicación do procedemento aberto dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da concellería de Deportes polas razóns expostas no precedente informe.*

*2º.- Notificar aos correspondentes licitadores o presente acordo.*

*3º.- Iniciar os trámites correspondentes para, se procedese, compensar aos licitadores ou candidatos aptos para participar na licitación dos gastos nos que tivesen incorrido na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **3(457).- CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSEÑANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 2496/611.**

Dáse conta do informe-proposta de data 12/06/2023, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área, coa conformidade da titular de Asesoría Xurídica e do interventor xeral, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación por procedemento aberto dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanza e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de Deportes (PCAP)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 26 de marzo de 2019, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), aprobou o expediente de contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanza e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de Deportes (expediente nº 2496/611), autorizou o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** O 4 de xuño de 2019, a XGL acordou adxudicar o citado procedemento a FCC AQUALIA, S.A. coas seguintes condicións:

- a) O prezo total dos servizos relativos ao funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato é de 5.015.126,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 870.393,90 euros.

- b) O prezo unitario de monitor/hora para o pagamento dos servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos é de 20,63 euros, sendo o importe do IVE de 3,58 euros.
- c) Propón un incremento de 15.000 euros do importe destinado á reposición de materiais non funxibles respecto do mínimo establecido no apartado n) da cláusula II.2 do PPT.
- d) Propón un incremento de 6.000.000 euros do importe da póliza de responsabilidade civil por enriba da contía mínima fixada no apartado 13 do Anexo I (FEC) do PCAP.
- e) Incrementa a experiencia mínima esixida para a persoa responsable do contrato en 5 anos (8 anos en total).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato formalizouse o 27 de xuño de 2019 e comezou a súa execución o día 1 de xullo por un prazo de 2 anos e con 2 posibles prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 4 febreiro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Modificar o contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (2.496-611) nos seguintes termos:

- A modificación supón o reforzo das tarefas de limpeza indicadas cun incremento máximo de 562,5 horas horas de prestación do servizo por un prezo máximo de 76.284,48 €, o que supón un incremento do importe total do contrato dun 1,11% do prezo do contrato.
- O número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe da modificación un importe máximo en función das necesidades. Estas serán comunicadas á empresa polo responsable do contrato.
- O aboamento do reforzo de limpeza previsto nesta modificación realizarase independentemente da factura mensual do contrato de limpeza en base as horas efectivamente realizadas, acompañando a cada factura a relación de centros e horas realizadas.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputará ás aplicacións orzamentarias 3420.2279902 Servizos Travesas, 3420.2279903 Servizos Lavadores, 3420.22707 Servizos Teis, 3420.2279913 Servizos Valadares, do orzamento vixente do Servizo de Deportes coa seguinte distribución:





## Concello de Vigo

aplicación orzamentaria	Custes fixos	% de distribución custe contrato por centro	Importe mensual máximo con IVE 12.714,08 €	TOTAL 6 MESES
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37,00 %	4.704,21 €	28.225,26 €
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21,00 %	2.669,96 €	16.019,76 €
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25,00 %	3.178,52 €	19.071,12 €
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	17,00 %	2.161,39 €	12.968,34 €
		100,00 %	12.714,08€	76.284,48 €

3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato, FCC AQUALIA, S.A., deberá reaxustar a garantía definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.”

A modificación formalizase o día 8 de marzo de 2021.

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno Local, nas sesións do 27 de maio de 2021 e 2 de xuño de 2022, acordou autorizar a primeira e segunda e derradeira prórroga do contrato. Está última rematará o vindeiro 30 de xuño.

**Quinto.-** En data 27 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) aprobou o expediente de contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de Deportes (expediente 5162-611), autorizou o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación.

**Sexto.-** En data 31 de marzo de 2023 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e abriuse o prazo de presentación de ofertas.

**Sétimo.-** En data 3 de maio de 2023, a Mesa de Contratación procedeu a apertura administrativa e cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, e acordou, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a FCC AQUALIA, S.A. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

- b) Outorgar un prazo de tres días a SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, S.A. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Concretamente deberá presentar novamente o DEUC do licitador así como dos tres terceiros a cuxa solvencia recorre (ACTIVITATS D'ESPORTS, GESTIÓ I SALUT, S.L. -ADEGiS-, SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, S. A. e SEAESITGES, S.L.) no que respondan a todos os motivos de exclusión recollidos na parte III (o motivo relacionado coa "corrupción" non foi contestado).

**Oitavo.-** En data 11 de maio de 2023, a Mesa acordou admitir a SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, S.A., unha vez enmendada a documentación. A continuación procedeuse a apertura do sobre B e solicitouse informe sobre o mesmo ao servizo xestor.

**Noveno.-** En data de 19 de maio de 2023, a Mesa aceptou o informe de valoración do sobre B e procedeu a apertura do sobre C, e a solicitar informe sobre o mesmo ao servizo xestor.

**Décimo.-** Con data do 2 de xuño de 2023 o adxunto a xefatura do servizo de Deportes-Director técnico, coa conformidade do xefe do servizo de Deportes e Formación e do concelleiro delegado de Deportes, solicita do Servizo de Contratación a tramitación da continuidade do contrato actualmente en vigor ata que se poda formalizar o novo contrato. Este informe foi modificado en data 9 de xuño de 2023.

**Undécimo.-** Na sesión da Mesa de 7 de xuño de 2023 acordouse:

*"Entrégase o informe asinado polo adxunto e o xefe do Servizo de Deportes o 31 de maio de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.*

*A continuación a xefa do Servizo de Contratación pon de manifesto que o apartado 3 do modelo de proposición económica, contido no apartado 6.B das Follas de especificacións do contrato (Anexo I) do PCAP di:*

*"3.- Propón como prezo anual sen IVE dos servizos relativos ao funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato o de ..... euros, sendo a cota correspondente o IVE a de ..... euros o que supón un prezo total do contrato de ..... euros".*

*Pódese apreciar que na primeira parte se refire ao prezo anual dos servizos relativos ao funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato; no entanto, na súa segunda parte refírese ao prezo total do contrato.*



## Concello de Vigo

*Sendo así que o prezo total do contrato, tal e como dispón o apartado 3.A das FEC, consta dunha parte fixa e dunha parte variable.*

*Así as cousas, é manifesto que a redacción do citado apartado do modelo de proposición é confusa e induciu a error aos licitadores á hora de formular as súas ofertas. De feito, cada un deles fai unha interpretación diferente. E aínda que se solicita un orzamento detallado do servizo, á vista deste tampouco é posible determinar cal era a intención dos licitadores, pois comprende conceptos que non están relacionados co citado criterio de adxudicación, e non é sinxelo determinar a verdadeira intención dos licitadores e o prezo ofertado para a parte fixa do contrato. O propio servizo xestor do contrato realizou dúas interpretacións distintas do contido das ofertas nos seus informes do 22 e de 31 de maio.*

*Á vista desta circunstancia, parece preferible, en aras da seguridade xurídica, propoñer ao órgano de contratación a desistencia deste procedemento e rectificar, tanto o modelo de proposición como o contido orzamento detallado do servizo, para que teña relación cos criterios de adxudicación, e iniciar unha nova tramitación para a adxudicación do devandito servizo.*

*A titular da Asesoría Xurídica pronúnciase a favor da argumentación da xefa do Servizo de Contratación por considerar que é máis segura xuridicamente e a vogal suplente do interventor xeral reforza esta conclusión ao sinalar que dos orzamentos detallados presentados non se pode deducir a vontade dos licitadores cunha simple operación aritmética, como sostén a doutrina dos tribunais de recursos contractuais. Tamén se fai fincapé en que ningún dos licitadores fixo uso do seu dereito a solicitar a aclaración de dúbidas sobre os pregos, con carácter previo á presentación das súas proposicións, tal e como prevé a cláusula 11 do PCAP.*

*O xefe do Servizo de Deportes, á vista da argumentación da xefa do Servizo de Contratación e demais membros asistentes, pronúnciase a favor da desistencia do procedemento.*

*En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, remitir o expediente ao Servizo de Contratación para propoñer a desistencia deste procedemento”.*

**Duodécimo.-** O contratista, FCC AQUALIA, S.A., o 12 de xuño de 2023 (documento nº W927089-8799), durante o trámite de audiencia conferido para o efecto, manifesta a súa conformidade coa continuidade do contrato nos mesmos termos ata a formalización do novo contrato.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Réxime xurídico aplicable

Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no

que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato obxecto deste informe, réxese pola seguinte normativa:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público.

## -II-

### **Da finalización do prazo do contrato dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da concellería de Deportes (expediente 2496-611) con carácter previo á formalización do novo contrato que garanta a continuidade do servizo**

Como se indicou nos antecedentes, o prazo do contrato dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da concellería de Deportes remata o día 30 de xuño de 2023.

Con carácter previo á finalización deste contrato, aprobouse, por acordo da Xunta de Goberno local de data 27 de marzo de 2023, un novo expediente de contratación, co nº expediente 5162-611, que abrangue todas as prestacións obxecto deste contrato.

Na actualidade neste expediente, unha vez abertos os sobres C, e detectado un erro no modelo de proposición que impide facer unha interpretación homoxénea das ofertas dos licitadores, consta unha proposta de desistencia ao órgano de contratación. En consecuencia, non é posible adxudicar o novo contrato antes do vencemento do que nos ocupa e así garantir a continuidade na prestación do servizo. Á vista desta circunstancia, o servizo xestor, no referido informe de data 9 de xuño de 2023, indica que se considera imprescindible continuar a prestación do contrato tramitado no expediente 2496-611 ata a adxudicación do novo.

## -III-

### **Necesidade da prestación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da concellería de Deportes ata a adxudicación do novo contrato**

Sobre a necesidade de prestación do servizo informa o servizo xestor, no informe de 9 de xuño de 2023, o seguinte:



## Concello de Vigo

*“ A Carta Internacional da Unesco declara no seu artigo 1 “A práctica da Educación Física e o deporte como un dereito fundamental”.*

*A Carta Europea do Deporte recolle no seu obxecto a importancia do deporte e da actividade física para o desenvolvemento das persoas e orienta aos poderes políticos a artellar marcos legais e políticas que favorezan o desenvolvemento do deporte para todos os practicantes dos Sistema deportivos, nacionais e locais.*

*A Constitución Española no capítulo III “Principios Reitores da Política Social e Económica” recolle no seu artigo 43.3 Os poderes públicos promoverán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Tamén fomentan o bo uso do lecer. Este mandato deixa clara a importancia que o deporte e a Educación física ten para os poderes publicos, polo que deberán realizar todas as accións políticas para o seu desenvolvemento.*

*A Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime local recolle no capítulo III Competencias dos municipios, artigo 25.I) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*

*A lei 39/2022, de 30 de decembro de 2022, do Deporte recolle no seu preámbulo a importancia do deporte, tendo sido este consolidado como unha actividade imprescindible para toda a cidadanía que require especial atención e protección dos poderes públicos.*

*A lei 3/2012 de 2 de abril, do deporte de Galicia recolle no artigo 3. Principios reitores apartado a) A consideración do deporte como actividade de interese público, co recoñecemento das funcións especiais que, para o individuo e para a sociedade, posee.*

*A vista da normativa que antecede e das declaracións de organismos internacionais sobre a importancia do deporte para a sociedade, e tendo en conta que a prestación dos servizos, que recolle o contrato do expd. 2496-611, nas instalacións deportivas acuáticas e ximnasiaos do Concello de Vigo, son de interese xeral para os veciños e veciñas de Vigo, os cales usan as instalacións deportivas obxecto deste contrato en número de usos anuais de 1.000.000, e que se prestan servizos orientados a saúde para as persoas, a formación, a educación física a educación deportiva e o rendemento deportivo das entidades deportivas da cidade, e considerando que suporía un grave dano para os intereses xerais da cidadanía, centros educativos, asociacións e clubs deportivos, e para o desenvolvemento das políticas deportivas do Concello de Vigo a non continuidade do mesmo”*

Efectivamente, a “promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”, é unha competencia propia municipal, prevista nos artigos 25.2.I da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

**-IV-**

**Concurrencia dos requisitos para acordar a continuidade do servizo**

Como se expuxo no fundamento xurídico II, non é posible formalizar o novo contrato na data prevista, o que impide garantir a prestación sen interrupcións do servizo obxecto deste contrato.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que a atrasen e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que suporía o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do contrato, período que é incerto, e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, necesítase buscar unha solución.

O artigo 29.4 in fine da LCSP permite ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións, condicionando o cumprimento de determinados requisitos. Dispón este artigo que *“cuando al vencimiento de un contrato no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantiza la continuidad de la prestación a realizar por el contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecimientos imprevisibles para el órgano de contratación producidas en el procedimiento de adjudicación y existan razones de interés público para no interrumpir la prestación, se podrá prorrogar el contrato originario hasta que comience la ejecución del nuevo contrato y en todo caso por un periodo máximo de nueve meses, sin modificar las restantes condiciones del contrato, siempre que el anuncio de licitación del nuevo contrato se haya publicado con una antelación mínima de tres meses respecto de la fecha de finalización del contrato originario”*.

Así, o citado artigo 29.4 in fine da LCSP permite prorrogar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións, condicionado á concorrencia dos seguintes requisitos:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.
2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.
3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

Vamos a analizar a continuación a concorrencia no caso que nos ocupa dos requisitos esixidos:

1.- A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.

Compre dicir ao respecto que o novo contrato figura no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2022 e publicado no perfil de contratante.



## Concello de Vigo

A tramitación do novo contrato foi iniciada por orde do concelleiro delegado de Deportes de 15 de xullo de 2022 (documento 3 do expediente electrónico 5162-611), case un ano antes da finalización do actual contrato. A tramitación deste novo expediente atrasouse na fase de preparación por circunstancias imprevisibles, como son o actual contexto de crise internacional, xerado pola guerra de Ucraína, que disparou o prezo da enerxía e dos combustibles, xerando unha forte inflación e subida de prezos na zona UE, o que determinou a necesidade de revisión dos convenios colectivos para evitar a perda de poder adquisitivo dos traballadores. Efectivamente, informa o responsable do contrato:

*“O expediente sofre retraso na súa tramitación debido a incapacidade de concretar os custos económicos do contrato, o que imposibilita a elaboración da memoria económica: dita memoria recolle os custos do contrato en tres partes: a) a parte fixa do contrato, b) a parte de enerxía térmica útil necesaria para o funcionamento das instalacións en función das necesidades de consumo e c) a parte de variable en función de necesidades das actividades docentes nas instalacións acuáticas e nas instalacións dos ximnasiaos. Polo que hai dous aspectos fundamentais para determinar os custos do contrato: a) O custos laborais vencellados ao convenio colectivo propio dos traballadores adscritos ao contrato, publicado o 3 de xaneiro de 2023 no BOP nº2, Código de Convenio número 36003061011999. Concretamente no artigo 36.b recóllese “ Ano 2023 e seguintes: as partes acordan unha revisión salarial nas retribucións de salario base, Complemento Convenio e Antigüidade, que se realizará con carácter xeral á alza para todas os niveis profesionais, sobre a táboa salarial do ano inmediatamente anterior, aplicando un incremento porcentual igual ao aplicado pola Administración local o ano natural inmediatamente anterior sobre o soldo do persoal da Administración pública, (funcionarios), con clasificación profesional do grupo C-1 ou equivalente.”*

*Asemade o incremento salarial dos traballadores do Concello de Vigo, ven marcado polos Orzamentos Xerais do Estado, publicado no BOE con data 24 de decembro de 2022.*

*Os custos laborais afectan tanto a parte fixa do contrato coma a parte variable de actividades docentes representando un 61,78% do valor do contrato.*

*B) A determinación dos custos da enerxía térmica.*

*As instalacións térmicas das instalacións acuáticas utilizan gas e en Travesas paneis solares de apoio, para a produción da enerxía térmica útil. A enerxía térmica estimada anual para o conxunto das instalacións do contrato estimouse en 4.100.000,00 kw/h en función das necesidades das instalacións e dos datos de anos anteriores.*

*Para este contrato contemplose o cálculo dos costes da enerxía térmica en función da enerxía térmica útil e non en función de m<sup>3</sup> de gas, co fin de garantir unha estabilidade no contrato no período de catro anos para a administración e para os licitadores. Deste xeito a administración garante o crédito necesario para o funcionamento das instalacións e os licitadores fanse corresponsables na xestión. Pero para definir o valor do prezo do kw/h da enerxía dependese dos datos das tarifas que pode publicar a CNMC ( Comisión Nacional de Mercados e Competencia) ou no seu caso os prezos das comercializadoras.*

*Ao longo do ano 2022 o prezo do KW/h do gas incrementouse ata chegar a valores superiores ao 300%. As instalacións das piscinas teñen tarifas de RL4 e RL5, tarifas que van en función dos Kw/h consumidos por cada un dos centro.*

*Ante a incertidumbre dos prezos da enerxía durante o ano 2022 estimouse unha cantidade inicial no mes de xuño de 2022 para a licitación do contrato, a cal tívose que ir cambiando ao longo do último semestre de 2022 polos incrementos dos prezos do gas, que repercutía no prezo do kw/h da enerxía térmica. Por elo non foi posible ata xaneiro de 2023 determinar un prezo, art. 309 da LCSP, de referencia ante a subida constante de prezos no ano 2022, sendo este de cun valor medio de 0,1865194 € kw/h de enerxía térmica con impostos, o que permitiu determinar a cantidade final de 764.729,68 euros ano con ive no orzamento detallado.*

*Os custos da enerxía térmica representa un 12,59% sobre o 100% do contrato co G.X. B.I e o IVE”.*

Ademais, durante a licitación, unha vez aprobado o expediente de contratación, e , unha vez abertos os sobres C, detectouse un erro no modelo de proposición que impide facer unha interpretación homoxénea das ofertas dos licitadores, consta unha proposta de desistencia ao órgano de contratación. En consecuencia, non é posible adxudicar o novo contrato antes do vencemento do que nos ocupa e así garantir a continuidade na prestación do servizo. Á vista desta circunstancia, o servizo xestor, no referido informe de data 9 de xuño de 2023, indica que se considera imprescindible continuar a prestación do contrato tramitado no expediente 2496-611 ata a adxudicación do novo.

2.- Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.

Con relación ó segundo requisito, a existencia de motivos de interese público que esixan a continuidade do servizo, informa o servizo xestor que é necesario continuar co contrato por canto, tal e como se expuxo no fundamento xurídico III, a práctica da educación física e o deporte é un dereito fundamental das persoas, e a nosa Constitución impón aos poderes públicos a obriga de promover a educación física e o deporte. Tal e como dí o responsable do contrato é “*de interese xeral para os veciños e veciñas de Vigo, os cales usan as instalacións deportivas obxecto deste contrato en número de usos anuais de 1.000.000, e que se prestan servizos orientados a saúde para as persoas, a formación, a educación física a educación deportiva e o rendemento deportivo das entidades deportivas da cidade, e considerando que suporía un grave dano para os intereses xerais da cidadanía, centros educativos, asociacións e clubs deportivos, e para o desenvolvemento das políticas deportivas do Concello de Vigo a non continuidade do mesmo*”. Non esquezamos que a “promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”, é unha competencia propia municipal.

3.- Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

O anuncio de licitación publicouse no Diario Oficial da Unión Europea en data 31 de marzo de 2023, posto que tratase dun contrato suxeito a regulación harmonizada.





## Concello de Vigo

Ese mesmo día publicouse tamén no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Dado que tal e como se expuxo no antecedente cuarto, a segunda e derradeira prórroga do contrato foi aprobada pola XGL o 2 de xuño de 2022, entrou en vigor o 1 de xullo do mesmo ano rematará o vindeiro 30 de xuño, címprese tamén este requisito.

Á vista do exposto, a xuízo da informante, procede ampliar o prazo contractual consonte o disposto no artigo 29.4 da LCSP, condicionado ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.
- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.

**-V-**

### **Condicións da continuidade do servizo**

Unha vez xustificada a necesidade de prestar o servizo e garantir a continuidade na prestación do mesmo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada á marxe do procedemento fixado na lei.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas dos contratos continuarán executándose polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato, que se estima en seis meses polo servizo xestor.

Indica ó servizo xestor ao respecto que:

*“Atendendo o exposto considerase necesario a continuidade do contrato actual expdt. 2496-611, nas mesmas condicións económicas actuais, financiándose o mesmo con cargo as seguintes partidas orzamentarias:*

3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS SERVIZO PISCINA
3420 2279903	LAVADORES MONITORES XIMNASIO
3420 2279904	BERBES MONITORES XIMNASIO
3420 2279905	CARME
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS MONITORES PISCINA
3420 2279908	TRAVESAS MONITORES PISCINA
3420 2279909	LAVADORES
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS

3420 2279911 *SERVIZO PISCINA  
VALADARES*  
3420 2279913 *MONITORES PISCINA  
VALADARES*

*Durante o período estritamente imprescindible ata entrada en vigor do contrato de tramitación ordinaria por procedemento aberto, expediente 5162-611. Estímándose un importe total para a continuidade segundo a tabóia adxunta en 1.712.799,19 euros con ive ata o 31 de decembro de 2023. Ampliándose dito crédito si fose necesario ata a formalización do contrato expd. 5162-611*

		Período 01/07/2023 a 31/12/2023
3420 2279902	<i>SERVIZO PISCINA TRAVESAS</i>	463.899,22
3420 2279903	<i>SERVIZO PISCINA LAVADORES</i>	263.294,15
3420 2279906	<i>SERVIZO PISCINA TEIS</i>	313.445,42
3420 2279911	<i>SERVIZO PISCINA VALADARES</i>	213.142,89
<i>Total c/ive</i>		1.253.781,69
	<i>MONITORES</i>	
3420 2279904	<i>MONITORES XIMNASIO BERBÉS</i>	45.901,75
3420 2279905	<i>MONITORES XIMNASIO CARME</i>	52.006,68
3420 2279908	<i>MONITORES PISCINA TRAVESAS</i>	147.115,11
3420 2279909	<i>MONITORES PISCINA LAVADORES</i>	98.459,25
3420 2279910	<i>MONITORES PISCINA TEIS</i>	74.131,33
3420 2279913	<i>MONITORES PISCINA VALADARES</i>	41.403,38
<i>Total c/ive</i>		459.017,50

Constan no expediente os documentos económicos de retención de créditos.

Así mesmo, consta a conformidade do contratista manifestada no trámite de audiencia evacuado coa proposta do servizo de continuidade da prestación do servizo.

#### **-VI-**

#### **Respecto do principio de libre concorrencia**

A adopción do acordo de continuidade do servizo non prexudica o principio de libre concorrencia recollido no artigo 1 da LCSP por canto a continuidade limitarase ao tempo estritamente imprescindible para a formalización do novo contrato, o cal se atopa en fase de licitación, se ben, tal e como se indica no antecedente undécimo, na sesión da Mesa de 7 de xuño de 2023 acordouse remitir o expediente ao Servizo de Contratación para propoñer a desistencia deste procedemento, na sesión da Mesa de 7 de xuño de 2023 se acordouse remitir o expediente ao Servizo de Contratación para propoñer a desistencia deste procedemento ao órgano de Contratación. Na



## Concello de Vigo

actualidade, está asinada unha proposta de desistencia, con data 12 de xuño de 2023. Na mesma se propón o inicio dun novo expediente de licitación.

Se ben por seguridade xurídica se prevén seis meses, se o contrato se formaliza antes quedará sen efecto o presente acordo.

### -VII-

#### Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- A continuidade da prestación do contrato dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de Deportes (expediente 2496-611) nas mesmas condicións ata a formalización do novo contrato (expediente 5162-611).*

*2º.- Autorizar o gasto para a continuidade do contrato con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:*

		Período 01/07/2023 a 31/12/2023
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	463.899,22
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	263.294,15
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	313.445,42
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	213.142,89
Total c/ive		1.253.781,69
	MONITORES	
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	45.901,75
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	52.006,68
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	147.115,11
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	98.459,25
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	74.131,33
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES	41.403,38
Total c/ive		459.017,50

3º.- *Reaxustar as anualidades de gasto*".

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(458).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE CORTINAS MÓBILES DEPORTIVAS PARA A DIVISIÓN EN ZONAS DE DIFERENTE USO DEPORTIVO NO PAVILLÓN DE QUIRÓS. EXPTE. 5442/611.**

Visto o informe xurídico do 01/06/2023 e o de fiscalización do 06/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 25/05/2023, asinado polo adxunto á xefatura do Servizo de Deportes, o xefe do Servizo, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

#### **Antecedentes:**

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, o 31 de outubro de 2022
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2022 e publicado na plataforma de contratación.
- Memoria económica de data 17 de novembro de 2022, modificada con data 19 de abril de 2023, relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102



## Concello de Vigo

LCSP, en base os custos que ten actualmente o propio servizo de deportes nos contratos para o desenvolvemento do servizo.

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2.ñ do RLCAP).
- Retencións de crédito de data de data 20 de abril de 2023 (operación nº 202300048877 -RCREM1-)
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 27 de decembro de 2022..
- Memoria xustificativa, de data 24 de novembro de 2022, correxida con data 19 de abril de 2023, relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido rexerese polo disposto no artigo 159. 6 da LCSP que regula o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada.
  - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación da solvencia esixida aos licitadores.
- Lugar de entrega do obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 5 de maio do 2023..
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado polo servizo de contratación de data 5 de maio de 2023.

### Fundamentos de dereito

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. O concelleiro-delegado de Deportes mediante resolución de 31 de outubro de 2022 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada(art. 159.6 LCSP), o ter un valor estimado inferior a 60.000,00 euros.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

**Noveno.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada de SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE CORTINAS MÓBILES DEPORTIVAS PARA DIVISIÓN EN ZONAS DE DIFERENTE USO DEPORTIVO NO PAVILLÓN DE QUIROS.



## Concello de Vigo

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 27 de decembro 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 5 de maio de 2023.

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **54.932,75 € con iva, sendo o IVE a soportar de 9.533,78 euros**, e coa seguinte distribución de anualidades.

### **DISTRIBUCIÓN ORZAMENTARIA e FINANCIACIÓN**

Ano 2023, importe é de 54.932,75 euros. Con cargo ao proxecto 18342006 Pavillón de Quirós do ano 2018. E partida de incorporación de remanentes 3420 6290000.2022 Equipamento deportivo das instalacións.

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(459).- ADAPTACIÓN DO “SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN” ÁS OBRIGAS ESTABLECIDAS NA LEI 2/2023, DO 20 DE FEBREIRO, REGULADORA DA PROTECCIÓN DAS PERSOAS QUE INFORMEN SOBRE INFRACCIÓNS NORMATIVAS E DE LOITA CONTRA A CORRUPCIÓN:**

**A).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA “POLÍTICA DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN DO CONCELLO E GARANTÍAS DE PROTECCIÓN DAS PERSOAS INFORMANTES”. EXPTE. 1446/1102.**

Dáse conta do informe-proposta de data 12/06/2023, asinado pola secretaria de Goberno local, o interventor xeral, o tesoureiro municipal, a titular de Asesoría Xurídica, a xefa do Servizo de Contratación, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, o xefe do Servizo de Administración Electrónica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

- O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade, materias que foron reforzadas:

- Logo da aprobación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e, tal e como se pode comprobar, cos resultados obtidos nas sucesivas avaliacións efectuadas por *Transparencia Internacional España*, no *Índice de Transparencia de Ayuntamientos (ITA)*.
- Como consecuencia da aprobación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (LCSP), en especial artigos 1, 63 e 64.
- Como consecuencia da normativa reguladora en materia de fondos europeos, cos que o Concello de Vigo obtivo un relevante financiamento.
- Considerando a Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de outubro de 2019 relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión coñecida como Directiva *Whistleblowing*, aínda cando non se producira a súa adaptación.

Na execución das ditas políticas públicas, o Concello de Vigo foi adoptando diversos acordos e implementando mecanismos de distinta natureza en garantía dos dereitos da cidadanía e da boa administración e leváronse a cabo experiencias colaborativas en materia de transparencia, transformación dixital, medidas antifraude e integridade institucional.

- Así, o Pleno acordou a incorporación do Concello á Rede de Municipios pola Transparencia e a Participación Cidadá da FEMP en sesión de data 30.03.2015
- O Pleno adheriuse ao Código de Bo Goberno Local da FEMP en sesión de data 30.11.2015
- A transparencia é un dos valores institucionais compartidos e un dos piares do bo goberno e Administración. O Concello sométese periodicamente ás avaliacións voluntarias realizadas por Transparencia Internacional (TI) obtendo unha alta valoración nos índices de transparencia de Concellos (ITA). Na ITA 2017 liderou a clasificación das cidades galegas cun 98,8 global sobre 100 (100 sobre 100 en contratación).
  - Resolución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal do 17/02/2016 polo que se constituíu o Grupo Técnico de Traballo de Transparencia e Acceso á Información Pública do Concello de Vigo (expediente 66/1102) accesible en [https://hoxe.vigo.org/pdf/transparencia/acordos\\_org/gtraballo\\_transparencia.pdf](https://hoxe.vigo.org/pdf/transparencia/acordos_org/gtraballo_transparencia.pdf)
  - Acordo da Xunta do Goberno local, en sesión de data 22/03/2018, de





## Concello de Vigo

aprobación do “Plan de seguimento e avaliación da transparencia e o bo goberno municipal” (expediente 289/1102).

- Así como todos os desenvolvementos posteriores que recollen as memorias accesibles en [https://transparencia.vigo.org/?idt=plan\\_seguim\\_eval&lang=es#1](https://transparencia.vigo.org/?idt=plan_seguim_eval&lang=es#1)
- Asemade, atendendo á Administración Electrónica, como outros dos piares do bo goberno e boa administración, a Xunta do Goberno Local en sesión do 04/11/2016, acordou o impulso da Transformación Integral de Administración Municipal coa constitución dunha Comisión Técnica do Plan (expediente 88/1102). No desenvolvemento do Plan de Transformación Integral adoptáronse diversas medidas no substancial recollidas na Memoria final (expediente 905/1102, accesible en [https://transparencia.vigo.org/?id\\_file=803&lang=es&file=](https://transparencia.vigo.org/?id_file=803&lang=es&file=)

Asemade, a partires tamén do traballo colaborativo no seo do Grupo de Traballo Sectorial da Ordenanza de Administración Electrónica, aprobouse a Ordenanza Administración Electrónica en sesión plenaria do 04/06/2021 (expediente 152/1102).

A Administración Electrónica no Concello de Vigo conta cun procedemento integramente dixital e conta co soporte da normativa técnica do Esquema Nacional de Seguridade e Interoperabilidade aprobados. Os procedementos administrativos tramítanse mediante unha aplicación de desenvolvemento propio, a “Xestión de expedientes”, e permite a interoperabilidade con outras plataformas e aplicacións oficiais doutras Administracións.

- Na xestión de fondos europeos da estratexia de desenvolvemento urbano “Vigo Vertical” (EDUSI), a Xunta de Goberno Local comprometeuse cos “principios de integridade, obxectividade e honestidade” ao se adherir, en sesión do 14.06.2018 á “Declaración institucional en materia antifraude” da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios.

Na mesma sesión, aprobou o “Manual de procedementos”, creando un Comité Antifraude que avaliou riscos e propuxo medidas que foron xeneralizándose ao conxunto da contratación (expediente 3702-440).

Ente outras medidas que poden consultarse en [https://hoxe.vigo.org/conecenos/vigo\\_vertical10.php?lang=gal#/,](https://hoxe.vigo.org/conecenos/vigo_vertical10.php?lang=gal#/) como a adhesión ao canal infofraude do *Servicio Nacional de Coordinación Antifraude de la Intervención General de la Administración del Estado* coa finalidade da investigación de irregularidades e casos de fraude aos intereses financeiros da Unión Europea

- En materia de integridade, aprobouse o Plan de Integridade da Contratación do Concello de Vigo (expediente 439/1102), que conta cun Marco Estratéxico aprobado por acordo da Xunta do Goberno Local do 12/12/2019 e un Plan Operativo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 17/12/2019, (pois lle fora encomendado no precedente acordo da Xunta do Goberno local do 12/12/2019 con delegación

das competencias).

- En execución do Plan de Integridade da Contratación adoptáronse diversas medidas que tamén poden consultarse no portal de transparencia ([https://transparencia.vigo.org/?idt=plan\\_integr\\_contrata&lang=ga](https://transparencia.vigo.org/?idt=plan_integr_contrata&lang=ga)) Ademais, o Plan de Integridade da contratación, tamén preveu dúas medidas que transcenden o ámbito da contratación pública e que resultan aplicables ao conxunto das materias e accións propias do Concello:
  - A Declaración de Integridade Institucional por acordo da Xunta do Goberno local do 12/03/2021 (expediente 728/1102)
  - A aprobación do Código de Conduta por acordo da Xunta do Goberno local do 01/04/2022 (expediente 729/1102)
- Entre moitas das medidas adoptadas na súa execución, creouse a canle interna de denuncias en materia de contratación

Tal e como consta, no acordo da Xunta do Goberno local do 13/01/2022 de implantación desta canle de información (expediente 6695/241), a implantación desta canle e o seu deseño realizouse atendendo á regulación contida na Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de outubro de 2019 relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión coñecida como Directiva *Whistleblower* ou *Whistleblowing*.

Asemade, a xestión desta canle telemática encomendábase ao Comité de Integridade Contractual, con plena autonomía funcional e sen suxeición a orde xerárquica ningunha.

- Tamén con pleno respecto a normativa reguladora da xestión de fondos europeos, aprobouse tamén o Plan de Medidas Antifraude, adoptado mediante acordo da Xunta do Goberno Local do 11/03/2022 (expediente 1185/441) relativo ao plan de medidas antifraude, do sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. O Plan de Medidas Antifraude pode consultarse en [https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr\\_antifraude.php?lang=gal#/](https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr_antifraude.php?lang=gal#/)
- O Concello de Vigo conta cun Delegado de Protección de Datos nomeado por acordo da Xunta de Goberno Local de 18./11/2022 (expediente 8837/113).
- A estrutura do goberno municipal conta cunha Concellería que ten delegadas especificamente as competencias en materia de transparencia, bo goberno e Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS).
- Publicación no Boletín Oficial do Estado do núm. 44 do 21 de febreiro de 2023, da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (LPI).



## Concello de Vigo

- En sesión do 20/04/2023, o Comité de Integridade Contractual pon de manifesto a necesaria adaptación da canle de alertas á LPI.
- Por Resolución da Alcaldía de data 17.05.2023 delegouse na Xunta de Goberno Local ao abeiro do artigo 124.ñ) e 124.5 da Lei 7/85, do de abril, *a competencia para a adopción do acordos municipais que se precisen para dar cumprimento ás obrigas respecto do "Sistema interno de información" establecidas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción".*
- En data 19.05.2023 por Resolución da Concellería delegada da área de Contratación, Seguridade e Xestión Municipal adoptouse acordo de creación dun grupo de traballo constituído polas persoas funcionarias integrantes do Comité de Integridade Contractual e pola Xefa de Recursos Humanos, que se incorporará de forma permanente para encomendarlle formalmente a elaboración da documentación e formulación de propostas ao órgano competente para dar cumprimento as obrigas establecidas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción". Este grupo de traballo quedará extinguido ao remate da implantación do Sistema Interno de Información.
- En data 25.05.2023 o grupo de traballo formulou proposta
  1. Proposta técnica de aprobación da Política do Sistema Interno de Información do Concello e garantía de Protección das persoas informantes.
  2. Proposta do responsable do Sistema Interno de Información
  3. Proposta técnica de actuacións e informacións previas a seguir na xestión do Sistema Interno de Información.
- En data 25.05.2023 e conforme o disposto no artigo 24 da Ordenanza Municipal de Administración Electrónica remitiuse trámite de audiencia ao buzón 701 Comité e Sindicatos ( documento electrónico 230148613) e 7010 SICO (documento electrónico 230148618) , 7011 UXT (documento electrónico 230148619) , 7012 CIG (documento electrónico 230148620), 7013 CCOO (documento electrónico 230148621), 7014 SSPME (documento electrónico 230148622) 7015 CUT (documento electrónico 230148623).
- Na mesma data solicitouse informe ao delegado de protección de datos designado en expte 8837\_113
- En data 30.05.2023 emitiuse informe do Delegado de protección de datos
- En data 06.06.2023 Enrique Alonso Rodríguez E/R da sección sindical CCOO no Concello de Vigo presenta escrito de alegacións.
- En data 9.06.2023 reuniuse o grupo de traballo aos efectos de emisión informe respecto das alegacións presentadas pola sección sindical de CCOO no concello e

formular informe proposta.

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

### **1. Entrada en vigor da Lei 2/2023, incorporación da Directiva 2019/1937**

A Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (LPI en posteriores citas), incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión (en adiante, DPI).

Ao igual que a DPI, a LPI responde á dobre finalidade de (i) protexer ás persoas que informen sobre infraccións (whistleblowers) e de (ii) velar polo cumprimento normativo, pois parte da consideración do fomento da cultura da información e do fortalecemento das infraestruturas de integridade das organizacións como mecanismos de prevención e detección de ameazas ao interese público<sup>1</sup>.

En orde a alcanzar as devanditas finalidades, a LPI determina o ámbito e as medidas de protección<sup>2</sup>; establece as vías de comunicación das que dispoñerán as persoas informantes<sup>3</sup>, contempla a necesaria protección dos datos persoais<sup>4</sup>, e pecha as súas previsións co establecemento dun réxime sancionador que tutela o sistema<sup>5</sup>.

En canto ás vías de información dos incumprimentos normativos, a LPI regula tres:

- as canles internas, "sistemas internos de xestión da información", que todas as entidades que integran o sector público están obrigadas a establecer e, por tanto, terán competencias os tres niveles de organización territorial
- as canles externas dos que se responsabiliza, no ámbito estatal, a unha autoridade administrativa independente e, no ámbito autonómico, ás autoridades ou órganos autonómicos correspondentes (se ben, poden optar pola subscripción dun convenio coa autoridade administrativa independente estatal).
- e, finalmente, recóllese a posibilidade de acudir á revelación pública, isto é, a #poñer# ao dispor do público da información sobre infraccións normativas a través da prensa ou doutros medios de difusión.

<sup>1</sup> Art. 1 LPI.

<sup>2</sup> Título I, "finalidade e ámbito de aplicación da lei", e título VII, "medidas de protección".

<sup>3</sup> Título II, "sistema interno de información"; título III, "canal externo de información e a *Autoridad Independiente de Protección del Informante, A.A.I.*" ou a través das autoridades e órganos autonómicos" en relación co título IV, "publicidade da información e rexistro das comunicacións" e o título VIII que regula a "*Autoridad Independiente de Protección del Informante, A.A.I.*"; e, finalmente, no título V, se ocupa brevemente da "revelación pública".

<sup>4</sup> Título VI, "protección de datos persoais".

<sup>5</sup> Título IX, "réxime sancionador".



## Concello de Vigo

Os sistemas internos de información configúranse como canles preferentes (art. 4 LPI) para que as persoas informantes comuniquen determinadas informacións relativas a infraccións normativas graves e moi graves. Desde o punto de vista subxectivo, as persoas informantes cualifícanse pola obtención da información no contexto laboral e profesional, das que se recolle un listado non exhaustivo no art. 3 LPI, e, desde o punto de vista obxectivo debe tratarse de informacións relativas a infraccións graves ou moi graves nos termos do art. 2 LPI.

### **2. Obrigatoriedade de implantación do Sistema interno de información**

Esta Lei establece a obrigatoriedade de implantación dos sistemas internos de información xeneralizouse a todas as entidades do sector público e, por tanto, ás entidades que integran a Administración Local [art. 13.1.a) LPI]. Con todo, en atención á súa diferente dimensión, posibilitouse a súa xestión compartida pero só para municipios con menos de 10.000 habitantes (art. 14 LPI). Unica e exclusivamente verbo da súa xestión instrumental o art. 15 LPI prevé a posibilidade de acudir a un terceiro externo nos supostos de insuficiencia de medios propios.

En orde a súa implantación, o art. 5.2 LPI establece nas súas letras g), h), i) e j) que o sistema interno de información debe contar coa figura de responsable do sistema, unha política que enuncie os seus principios xerais, cun procedemento de xestión das informacións recibidas, e co establecemento das garantías para a protección das persoas informantes (con respecto ás sinaladas no art. 9 LPI).

Unha vez establecida a súa obrigatoriedade para o conxunto do sector público local, a LPI establece a posibilidade de adaptación dos sistemas e canles internas de información existentes na súa disposición transitoria primeira, e uns prazos de establecemento dos sistemas internos de información francamente breves. En concreto, a súa disposición transitoria segunda, establece un prazo máximo xeneral de tres meses desde a entrada en vigor da lei, isto sitúa a data límite no 13 de xuño de 2023; e un máis amplo, ata o 1 de decembro de 2023 para os municipios de menos de 10.000 habitantes.

Esta brevidade do prazo complica a implantación dos Sistemas Internos de Información (SII, en diante), por varias razóns:

- A aplicación da LPI require dunha análise exhaustiva por tratarse dunha novidade no ordenamento xurídico que carece dunha regulación acabada, máxime se temos en conta a parca regulación do Sistema Interno de Información no Sector Público, do capítulo III da LPI con tres preceptos; ou a mínima concreción sobre as actuacións de xestión das informacións, respecto das que unicamente se regulan os principios xerais no art. 9, de aplicación común ao sector público e privado, que contrasta coa regulación máis concreta para os supostos de información a través das canles externas, nos artigos 17 a 20 da LPI.

Así, o art. 5.2.i) en relación co art. 9.1 LPI deixa a criterio do órgano de goberno de cada entidade a determinación do procedemento de xestión das informacións recibidas, sinalando o contido mínimo e os principios rectores

- Moitos dos contidos e requisitos de implantación do SII requiren de comunicacións e información respecto do canal externo e da *Autoridad Independiente de Protección del Informante, A.A.I.* (referida en posteriores citas como AAIFI). En cambio, o prazo establecido para o canal externo é de seis meses (disposición transitoria segunda.3) e, en canto, á AAIFI prevé un ano para aprobación do seu Estatuto, na disposición final décima), é polo tanto, con posterioridade a que estean implantados ou adaptados os SII na Administración local.

Neste contexto normativo, o Concello de Vigo conta coa vantaxe de contar cunha canle interna de información en materia de contratación, que foi creada con atención á DPI e do que a súa xestión foi encomendada a un Comité de composición plural. No entanto, enfróntase ás mesmas dificultades derivadas dun completo desenvolvemento e sen poder adiantar a regulación autonómica ou o desenvolvemento estatal ou o ditado de instrucións ou recomendacións que, con probabilidade, se sucederán no futuro.

### **3.- Da política do sistema interno de información do Concello e garantías de protección das persoas informantes.**

O art. 5.2.h e j) da LPI establece que o Sistema interno de información deberá contar cunha estratexia que enuncie os principios xerais en materia de Sistemas interno de información e defensa do informante e que sexa debidamente publicitada no seno da entidade ou organismo. Así mesmo dito sistema debe establecer as garantías para a protección dos informantes no ámbito da propia entidade respectando, en todo caso, o disposto no artigo 9 relativo ao procedemento de xestión de informacións

### **4.- Da alegacións presentadas pola sección sindical de CCOO en trámite de consulta.-**

#### 4.1.- A sección sindical aclaración da natureza do documento administrativo remitido no trámite de consulta

O Comité Técnico de Integridade en sesión de data 20.04.2023 acordou que trala publicación da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (LPI) deberase proceder a:

- a) A aprobación dunha política ou estratexia do sistema, que enuncie os principios xerais e  
defensa da persoa informante e estableza as garantías necesarias para a protección das persoas informantes no ámbito da organización. Dita política do sistema ten que ser debidamente publicitada no seo da organización.
- b) Adaptación do canal de alertas á LPI conforme o disposto na DT 1a de dita Lei
- c) A designación de responsable do sistema, que se comunicará á AAIFI.
- d) A formación das persoas empregadas públicas

Por Resolución da concelleira delegada en materia de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 19.05.2023 adoptouse a acordo de creación dun grupo de traballo constituído polas persoas funcionarias integrantes do Comité de Integridade Contractual



## Concello de Vigo

e pola Xefa de Recursos Humanos, que se incorporará de forma permanente para encomendarlle formalmente a elaboración da documentación e formulación de propostas ao órgano competente para dar cumprimento as obrigas establecidas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción". Este grupo de traballo quedará extinguido ao remate da implantación do Sistema Interno de Información.

Neste senso o grupo de traballo formulou as seguintes propostas técnicas para someter a consulta coa representación legal das persoas traballadoras con carácter previo á súa aprobación conforme o disposto no art. 5.1 LPI dos seguintes documentos

1.- Proposta técnica de aprobación da Política do Sistema Interno de Información do Concello e garantía de protección das persoas informantes.

2.- Proposta do responsable do Sistema Interno de Información

3.- Proposta técnica de actuacións e informacións previas a seguir na xestión do Sistema Interno de Información.

O artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común determina que "1. Instruídos os procedementos, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poranse de manifesto aos interesados ou, se for o caso, aos seus representantes, para o cal se terán en conta as limitacións previstas, se for o caso, na Lei 19/2013, do 9 de decembro."

Os documentos remitidos constitúen propostas técnicas elaborada polo grupo de traballo designado para dar cumprimento as obrigas establecidas na LPI e que, con carácter previa a súa aprobación polo órgano competente, someteuse a consulta da representación sindical conforme o art. 5.1 da LPI en relación co artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común determina que "1. Instruídos os procedementos, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poranse de manifesto aos interesados ou, se for o caso, aos seus representantes, para o cal se terán en conta as limitacións previstas, se for o caso, na Lei 19/2013, do 9 de decembro."

Así mesmo cómpre sinalar que a Concelleira de Seguridade, Contratación e Seguridade, en virtude a Resolución da Alcaldía de data 6.09.2022 ten atribuída as funcións de interlocución como representante do Goberno Municipal nas relacións cos órganos de representación sindical dos empregados públicos municipais, desenvolvendo a política municipal nesta materia. De este xeito, seguiu o criterio de actuación da administración en expedientes (expte 41702-220, 39599-220)

4.2.- A sección sindical de CCOO manifesto que o pretendido "procedemento" que pretende ser aprobado non dá cumprimento nin satisfacción as esixencias da LPI e "*non se concretan nin especifican cales son as concretas medidas de protección do informante que van adoptarse, nin como se preservará de maneira efectiva a súa identidade ou da*

*de calquera terceiro mencionado na comunicación, nin quen vai a ser o cargo funcional que se fará responsable de velar polo tratamento das denuncias, nin como preservará este último o anonimato da denuncia ante outros cargos corporativos ou outros funcionarios públicos, nin como se garante a independencia das funcións que ha de desempeñar o devandito cargo, nin cales son os medios persoais e materiais que vai dispoñer para o exercicio das devanditas funcións, nin como se articula, realmente, o procedemento de xestión das informacións recibidas, nin cales son as garantías para a protección dos informantes no ámbito da propia entidade ou organismo.*

*E, de modo moi concreto, e no que afecta os representantes dos traballadores, non se articulan as medidas de protección que nos amparan ,ante o exercicio lexítimo dos nosos dereitos sindicais, e que se concretan habitualmente en denuncias administrativas #ante posibles irregularidades sustantivas ou formais cometidas no transcurso das actuacións administrativas levadas a cabo polos departamentos xestores.”*

O grupo de traballo formulou as seguintes propostas

- 1.- Proposta técnica de aprobación da Política do Sistema Interno de Información do Concello e garantía de protección das persoas informantes.
- 2.- Proposta do responsable do Sistema Interno de Información
- 3.- Proposta técnica de actuacións e informacións previas a seguir na xestión do Sistema Interno de Información.

O art. 5.2.h e j) da LPI establece que o Sistema interno de información deberá contar cunha estratexia ou política que enuncie os principios xerais en materia de Sistemas interno de información e defensa do informante e que sexa debidamente publicitada no seno da entidade ou organismo. Así mesmo dito sistema debe establecer as garantías para a protección dos informantes no ámbito da propia entidade respectando, en todo caso, o disposto no artigo 9 relativo ao procedemento de xestión de informacións.

A proposta técnica de aprobación da Política do Sistema Interno de Información do Concello e garantía de protección das persoas informantes recolle na súa cláusula 6 os principios xerais de protección dos informantes e no apartado.3.3.C de acordo co art. 38 LPI as medidas de protección e presuncións fronte a represalias.

As persoas informantes teñen dereito a que a súa identidade non sexa revelada a terceiras persoas e so poderá ser comunicada á Autoridade xudicial, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade administrativa competente no marco dunha investigación penal, disciplinaria ou sancionadora.(art. 33 LPI). A cláusula 8.5 da proposta técnica de aprobación da Política do Sistema Interno de Información do Concello e garantía de protección das persoas informantes establece as garantías en materia de preservación da identidade das persoas informantes e das persoas afectadas polas informacións e





## Concello de Vigo

concretamente sinala que *“O Sistema interno de información non obterá datos que permitan a identificación da persoa informante e contará con medidas técnicas e organizativas axeitadas para preservar a identidade e garantir a confidencialidade dos datos correspondentes ás persoas afectadas e a calquera terceira persoa que se mencione na información subministrada, especialmente a identidade da informante en caso de que se tivera identificado.”*

Respecto as medidas de protección aplicable ao persoal que ostenta representación legal das persoas traballadoras e de acordo cos apartados 3 e 4 do art. 3 LPI, as medidas de protección do título VII da LPI, ás que se refire a cláusula 6.3.1 da proposta técnica de aprobación da Política do Sistema Interno de Información do Concello e garantía de protección das persoas informantes serán aplicables a, entre outros a representación legal das persoas traballadoras no exercicio das súas funcións de asesoramento e apoio á persoa informante.

E respecto da alegación da sección sindical respecto da existencia dunha solicitude xenérica cursada por una cidadá interesando copia de todos os escritos presentados por esta sección sindical a longo dos últimos quince anos cómpre indicar que dita alegación non garda relación coa adaptación do Sistema Interno de información de xeito que as solicitudes de acceso á información pública se resolven conforme a Lei 9/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno e que o momento en que ditas solicitudes poden ser coñecidas polos terceiros interesados é con motivo do trámite de audiencia previsto no artigo 19.3 e 20.1 e con ocasión da súa resolución en virtude do disposto no artigo 14.3 e 20.1 de dita lei, do que se deixa constancia aos efectos oportunos .

Por último indicar que a representación sindical de CCOO non formula ningunha proposta de mellora as propostas técnicas formuladas polo grupo de valoración.

### **5.-Dó órgano competente.-**

A adopción do acordo corresponde á Xunta de Goberno Local como órgano competente para a adopción do acordos municipais que se precisen para dar cumprimento ás obrigas respecto do “Sistema interno de información” establecidas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción” en virtude da Resolución da Alcaldía de data 17.05.2023

E por isto polo que os membros do grupo de traballo acordan elevar a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o documento de Política do sistema interno de información do Concello de Vigo e Garantías de protección das persoas informantes

POLÍTICA DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN DO CONCELLO E GARANTÍAS DE PROTECCIÓN DAS PERSOAS INFORMANTES

Índice

<b>1. OBXECTO</b>	<b>9</b>
<b>2. ÁMBITO PERSOAL</b>	<b>10</b>
<b>3. ÁMBITO MATERIAL</b>	<b>11</b>
<b>4. PRINCIPIOS XERAIS DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN</b>	<b>12</b>
<b>5. ORGANIZACIÓN</b>	<b>13</b>
<b>6. PRINCIPIOS XERAIS DE PROTECCIÓN DAS PERSOAS INFORMANTES</b>	<b>15</b>
6.1. No procedemento de xestión das informacións do sistema interno de información	15
6.2. En materia de protección de datos	15
6.3. Aplicación das medidas de protección establecidas no título VII da LPI	16
6.3.1. Ámbito subxectivo das medidas de protección	16
6.3.2. Condicións de protección	16
6.3.3. Prohibición de represalias e de introducir impedimentos ou dificultades á presentación de comunicacións e revelacións	17
6.3.4. En relación coas medidas de apoio previstas no art. 37 da LPI	19
6.3.5. A análise da posible exención e atenuación das sancións cando a persoa informante participase na comisión da infracción administrativa obxecto da información prevista no art. 40 LPI	21
6.4. Garantía do réxime sancionador	22
<b>7. PERSOAS AFECTADAS POLAS INFORMACIÓNS</b>	<b>22</b>
7.1. No procedemento de xestión das informacións do Sistema interno	22
7.2. En materia de protección de datos	22
7.3. Medidas de protección para as persoas afectadas polas informacións	23
7.4. Garantía do réxime sancionador	23
<b>8. PROTECCIÓN DE DATOS</b>	<b>23</b>
8.1. Réxime xurídico do tratamento de datos persoais no Sistema interno de información	23
8.2. Licitude dos tratamentos de datos persoais no Sistema interno de información municipal	24
8.3. Información sobre protección de datos persoais e exercicio de dereitos	24
8.4. Tratamento de datos persoais no Sistema interno de información	25



## Concello de Vigo

<u>8.5. Preservación da identidade das persoas informantes e das persoas afectadas polas informacións.....</u>	<u>26</u>
<u>8.6. Delegado de protección de datos.....</u>	<u>27</u>
<u>8.7. Cláusula de protección de datos do Sistema Interno de Información.....</u>	<u>27</u>
<b>9. FORMACIÓN.....</b>	<b>28</b>
<b>10. PUBLICIDADE.....</b>	<b>28</b>
<b>11. MEDIOS COMPARTIDOS.....</b>	<b>28</b>

### Abreviaturas

DPI: Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión.

LPI: Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

REPD: Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

LOPD: Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (no sucesivo LOPD)

TFUE: Tratado de Funcionamiento da Unión Europea.

### 1. OBXECTO

O Concello no desenvolvemento do seu compromiso coa integridade, a transparencia e ou cumprimento da legalidade, adopta esta política do sistema interno de información para dar cumprimento ao art. 5.2.h) e 5.2.j) da Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (LPI en posteriores citas), pola que se incorporou ao ordenamento xurídico español a Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión (DPI).

Así, o Concello asume a dobre finalidade da LPI de outorgar unha protección adecuada fronte a represalias que poidan sufrir as persoas que informen sobre as infraccións

normativas e de fortalecer a cultura da información e o marco institucional de integridade, mediante o establecemento do sistema interno de información municipal como mecanismo de prevención e detección de ameazas ao interese público.

Polo tanto, dáse cumprimento ás obrigacións establecidas no art. 13.1.a) da LPI de implantar nesta Administración municipal un sistema interno de información que sirva de canle preferente para a comunicación das infraccións normativas comprendidas no art. 2 LPI, e de protexer ás persoas informantes referidas no art. 3 LPI.

## **2. ÁMBITO PERSOAL**

Terán a consideración de persoas informantes do sistema interno de información do Concello, as persoas físicas que obtivesen información sobre as infraccións normativas comprendidas no art. 2 LPI, no contexto laboral ou profesional das súas relacións co Concello.

A. En todo caso, comprenderá ás persoas:

a) Empregadas públicas, incluíndo persoal funcionario, de carreira ou interino; laboral, xa sea fixo, por tempo indefinido ou temporal; persoal eventual e persoal directivo. Así como aquelas persoas participantes en procedementos selectivos se a información se obtén durante o proceso de selección.

b) Autónomas.

c) Accionistas, partícipes e persoas pertencentes ao órgano de administración, dirección ou supervisión dunha empresa, incluídos os membros non executivos.

d) Calquera persoa que traballe para ou estea baixo a supervisión e a dirección de contratistas, subcontratistas e provedores”.

B. E, igualmente, conforme ao art. 3.2 LPI terán esta consideración:

a) As persoas que obtivesen a información no marco dunha relación laboral ou estatutaria, aínda que estea finalizada.

b) Persoas voluntarias.

c) Persoas becarias.

d) Persoas traballadoras en períodos de formación con independencia de que perciban ou non unha remuneración.



## Concello de Vigo

e) Así como aquelas persoas cuxa relación laboral aínda non comenzara, nos casos en que a información sobre infraccións fora obtida durante o proceso de selección ou de negociación precontractual.

### **3. ÁMBITO MATERIAL**

O sistema interno de información servirá de canle para informar sobre as accións ou omisións previstas no art. 2 da LPI. No ámbito do Concello, con carácter xeral, comprende:

A. As accións ou omisións que poidan constituir infraccións do Dereito da Unión Europea sempre que estean comprendidas dentro do ámbito de aplicación material da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2019, afecten aos intereses financeiros da Unión Europea conforme ao art. 325 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE) ou incidan no mercado interior tal e como se contempla no art. 26.2 do TFUE.

O ámbito de aplicación material da Directiva comprende, entre outros, os ámbitos de:

- contratación pública;
- servizos, produtos e mercados financeiros, e prevención do blanqueo de capitais e a financiación do terrorismo;
- seguridade do transporte;
- protección do medio ambiente;
- protección contra as radiacións e seguridade nuclear;
- seguridade dos alimentos e os piensos, saúde animal e benestar dos animais;
- saúde pública;
- protección dos consumidores;
- e protección da intimidade e os datos persoais, e seguridade das redes e os sistemas de información.

B. As accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infracción penal ou administrativa grave ou moi grave. En todo caso, entenderanse comprendidas todas aquelas infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves que impliquen quebrando económico para a Facenda Pública e para a Seguridade Social.

c. Conforme o disposto no artigo 14.2 da LIP exclúese do ámbito material do sistema interno de información do Concello de Vigo as accións ou omisións que poidan constituir infraccións no ámbito de urbanismo dada a súa xestión descentralizada a través do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo dotado de personalidade xurídica (Estatutos da Xerencia Municipal de Vigo BOP núm. 193 de data 6.10.2010).

### **4. PRINCIPIOS XERAIS DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN**

O sistema interno de información rexerese polos seguintes principios:

1º. Preferencia. O sistema interno de información será a canle preferente de presentación de informacións relativas ao ámbito do Concello sempre que se poida tratar de maneira efectiva a infracción e se a persoa informante considera que non hai risco de represalia.

2º. Respecto ao ámbito persoal e material de protección. O sistema interno de información servirá de canle para a presentación daquelas informacións incluídas no ámbito material de aplicación establecido no art. 2 LPI e presentadas polas persoas definidas como informantes no ámbito persoal do art. 3 LPI, ámbitos recollidos na presente Política.

3º. Integración. Calquera outra canle que permita a recepción de información sobre as infraccións incluídas no art. 2 LPI deberá estar integrada no sistema interno de información.

4º. Compatibilidade. Non obstante, o sistema interno de información será compatible coa habilitación doutras canles internas de información polo Concello fóra do ámbito material do artigo 2 LPI, se ben ditas comunicacións e os sus remitentes quedarán fóra do ámbito de protección da LPI e do sistema de información.

5º. Accesibilidade. O sistema interno de información será accesible e asequible, de maneira que permita e facilite a presentación de comunicacións a todas as persoas informantes.

6º. Seguridade, confidencialidade e protección de datos. O sistema interno estará deseñado, establecido e xestionado de forma segura; e garantirá a confidencialidade e a protección de datos.

A garantía da confidencialidade non só alcanzará á identidade da persoa informante, senón tamén ás persoas afectadas e a calquera terceiro mencionado, así como ao conxunto das actuacións que se desenvolvan na xestión e tramitación das comunicacións, e deberán contar con medidas técnicas e organizativas axeitadas para preservar a identidade e garantir a confidencialidade dos datos correspondentes ás persoas afectadas.

A garantía da protección de datos impedirá o acceso a persoal non autorizado e desenvolverase con pleno respecto ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos) (en posteriores referencias, REPD), na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (no sucesivo LOPD) e ao disposto no título VI da LPI.



## Concello de Vigo

7º. Pluralidade de formas de presentación. O sistema interno de información permitirá a presentación de informacións por escrito, verbalmente e, incluso, de forma anónima.

A información poderase realizar por escrito, a través de correo postal ou a través de calquera medio electrónico habilitado ao efecto; ou verbalmente, por vía telefónica ou a través de sistema de mensaxería de voz. O sistema de información tamén posibilitará que, a solicitude do informante, a información se comunique nunha reunión presencial.

8º. Efectividade. O sistema interno de información garantirá que as comunicacións presentadas poidan tratarse de maneira efectiva co obxectivo de que o Concello sexa o primeiro en coñecer a posible irregularidade.

9º. Garantía do procedemento. O sistema interno de información contará cun procedemento de xestión das informacións que respetará as garantías do art. 9 LPI e que será aprobado polo órgano de goberno do Concello.

10º. Protección das persoas informantes. O sistema interno de información protexerá ás persoas informantes no ámbito da organización municipal.

11º. Profesionalización. O Concello formará ao súa persoal en garantía da confidencialidade e do cumprimento normativo.

12º. Información adecuada. O sistema interno proporcionará información adecuada, clara e accesible sobre o uso da canle interna e sobre os principios do procedemento de xestión das informacións.

Asi mesmo, informará sobre as canles externas de información ante as autoridades competentes e , no seu caso, ante as da Unión Europea.

13º. Publicidade e difusión. A información relativa ao sistema interno de información municipal figurará na páxina web do Concello, na súa páxina de inicio, en sección separada e facilmente identificable.

## 5. ORGANIZACIÓN

O órgano de goberno do Concello é responsable da implantación do sistema interno de información, da aprobación da política do Sistema interno de información, da aprobación do procedemento de xestión das informacións e da determinación e nomeamento do “Responsable do Sistema interno de información” (Responsable do Sistema, en

referencias posteriores).

O órgano de goberno do Concello, responsable da implantación do sistema de información, terá a consideración de responsable do tratamento dos datos persoais de conformidade co disposto na normativa sobre protección de datos persoais.

O Concello conta coa figura do “Delegado de Protección de Datos” que terá acceso aos datos do Sistema interno dentro do ámbito das súas competencias e funcións, de conformidade co disposto no art. 32.1.e) LPI.

O órgano de goberno do Concello poderá designar, como Responsable do Sistema, a unha persoa física ou optar por un órgano colexiado. Igualmente compete ao órgano de goberno do Concello a súa destitución e cese.

Se se optase por un órgano colexiado, este deberá delegar nun dos seus membros as facultades de xestión do sistema interno de información e de tramitación de expedientes de investigación.

O nomeamento, destitución ou cese do “responsable do sistema”, expresando as razóns que xustifican estes últimos, notificaranse á Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., ou , no seu caso, ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

O Responsable do Sistema deberá desenvolver as súas funcións de forma independente e autónoma respecto do resto dos órganos do Concello, non poderá recibir instrucións de ningún tipo no seu exercicio, e deberá dispoñer de todos os medios persoais e materiais necesarios para levalas a cabo.

O Concello poderá acordar a xestión do procedemento para a recepción das informacións sobre infraccións, con carácter instrumental, por un terceiro externo, no suposto de que se acredite insuficiencia de medios propios nos termos do art. 15 LPI e 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

A xestión do sistema por un terceiro externo esixirá en todo caso que este ofrezga garantías axeitadas de respecto da independencia, a confidencialidade, a protección de datos e o segredo das comunicacións.

A existencia de corresponsables do tratamento de datos persoais require a previa suscripción do acordo regulado no artigo 26 do REPD, e na LOPD.

A xestión do Sistema interno de información por un terceiro non poderá supoñer un menoscabo das garantías e requisitos que para dito sistema establece a LPI nin unha atribución da responsabilidade sobre o mesmo en persoa distinta do Responsable do





## Concello de Vigo

Sistema.

O terceiro externo que xestione o Sistema terá a consideración de encargado do tratamento a efectos da lexislación sobre protección de datos persoais. O tratamento rexerá polo acto ou contrato ao que se refire o artigo 28.3 do REPD.

### **6. PRINCIPIOS XERAIS DE PROTECCIÓN DAS PERSOAS INFORMANTES**

Esta política do Sistema establece os seguintes principios, dereitos e garantías de protección das persoas informantes, de conformidade co establecido no art. 5.2. h) e 5.2.j) LPI.

#### 6.1. No procedemento de xestión das informacións do sistema interno de información

A. Dereito a comunicar as informacións por escrito, verbalmente, incluso con posibilidade de solicitar reunión presencial; e de forma anónima (arts. 5 e 7 LPI).

B. En relación coas comunicacións verbais, incluídas as reunións presenciais, dereito a que se lle advirta de que a comunicación será gravada ou, no seu caso, dereito a que se lle ofrezca a oportunidade de comprobar, rectificar e aceptar mediante a súa firma a transcripción das comunicacións verbais.

C. Dereito a indicar un enderezo, correo electrónico, ou lugar seguro a efectos de recibir notificacións (art. 7 LPI) e, en sentido contrario, debe entenderse, ao igual que se prevé para o informante na canle externa (art. 21 LPI) que terá dereito a renunciar a recibir comunicacións do sistema interno de información.

D. Dereito a que as comunicacións presentadas sexan tratadas de forma efectiva (art. 5 LPI).

E. Dereito a que se acuse recibo da súa comunicación no prazo de sete días naturais desde a súa presentación (art. 9 LPI).

F. Dereito a recibir resposta á súa comunicación nun prazo de tres meses, ou de seis meses se a complexidade do caso determinara a ampliación deste prazo (art. 9 LPI).

G. Dereito a coñecer o estado de tramitación da súa comunicación e non só o resultado das actuacións.

H. Dereito a información clara e accesible sobre as canles externas de información ante as autoridades competentes e, no seu caso, ante as institucións, órganos ou organismos da Unión Europea; información que debe proporcionar o sistema interno de información (arts. 7 e 9 LPI).

## 6.2. En materia de protección de datos

A. Garantía do exercicio dos dereitos recoñecidos pola normativa de protección de datos e respecto ás disposicións especiais establecidas nesta materia.

B. Dereito á preservación da identidade da persoa informante e garantía de confidencialidade.

A identidade da persoa informante será reservada en todo caso e non se comunicará ás persoas afectadas pola información nin a terceiros, e será informada de forma expresa desta reserva da súa identidade.

A identidade da persoa informante só poderá ser comunicada á Autoridade Xudicial, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade administrativa competente no marco dunha investigación penal, disciplinaria ou sancionadora. Neste caso, antes de revelar a súa identidade trasladaráselle por escrito explicando os motivos de revelación dos datos confidenciais en cuestión, salvo que puidese comprometer a investigación ou o procedemento xudicial.

## 6.3. Aplicación das medidas de protección establecidas no título VII da LPI

### 6.3.1. Ámbito subxectivo das medidas de protección

De acordo cos apartados 3 e 4 do art. 3 LPI, as medidas de protección do título VII da LPI, ás que se refire este apartado, non só se aplicarán ás persoas informantes, senón que tamén resultan aplicables a:

- a. a representación legal das persoas traballadoras no exercicio das súas funcións de asesoramento e apoio á persoa informante.
- b. as persoas físicas con elas relacionadas e que poidan sufrir represalias, como familiares ou compañeiras de traballo;
- c. a aquelas que lle presten asistencia na súa organización;
- d. e ás persoas xurídicas para as que traballe ou cas que manteña calquera outro tipo de relación nun contexto laboral, ou nas que ostente unha participación significativa<sup>1</sup>.

### 6.3.2. Condicións de protección

1 “A estes efectos, enténdese que a participación no capital ou nos dereitos de voto correspondentes a accións ou participacións é significativa cando, pola súa proporción, permite á persoa que a posúa ter capacidade de influencia na persoa xurídica participada”.



## Concello de Vigo

Tal e como establece o art. 35 LPI o dereito de protección estará supeditado ao cumprimento dos seguintes requisitos:

1º. Que as persoas informantes «teñan motivos razoables para pensar que a información referida é veraz no momento da comunicación ou revelación, aínda cando non aporten probas concluíntes»,

2º. Que a citada información se atope dentro do ámbito material de aplicación da LPI,

3º. Que a comunicación ou a revelación se teñan realizado conforme aos requirimentos previstos tamén na LPI.

4º. Non darán lugar a ningunha medida de protección os seguintes tipos de informacións:

a. Informacións inadmitidas por algunha canle interna de información ou por algunha das causas previstas para a canle externa no art. 18.2.a) LPI, isto é:

- por carecer de verosimilitude,

- porque se refiren a infraccións que non están incluídas no ámbito de aplicación da LPI,

- porque as informacións carecen manifestamente de fundamento,

- por indicios racionais de que a información se obtivo mediante a comisión dun delito.

- ou porque non se trata de información nova e significativa respecto dunha anterior sobre a que o procedemento ten concluído.

b. Informacións vinculadas a reclamacións sobre conflitos interpersoais ou que afecten unicamente ao informante e ás persoas ás que se refira a comunicación ou revelación;

c. informacións dispoñibles para o público, ou que constitúan meros rumores;

d. informacións relativas a accións ou omisións non comprendidas no ámbito material de aplicación do art. 2 LPI.

6.3.3. Prohibición de represalias e de introducir impedimentos ou dificultades á presentación de comunicacións e revelacións

## A. Dereito a non ser obxecto de represalias

De conformidade co establecido no art. 36 LPI prohíbense expresamente os actos constitutivos de represalia, incluídas as ameazas de represalia e as tentativas de represalia contra as persoas informantes. A estes efectos, as represalias defínense como “calquera tipo de actos ou omisións que estean prohibidos pola lei, ou que, de forma directa ou indirecta, supoñan un trato desfavorable que sitúe ás persoas que as sufren en desvantaxa particular con respecto a outra no contexto laboral ou profesional, só pola súa condición de informantes, ou por ter realizado unha revelación pública”.

A título enunciativo, consideraranse formas de represalias as seguintes:

a) Suspensión do contrato de traballo, despido ou extinción da relación laboral ou estatutaria, incluíndo a non renovación ou a terminación anticipada dun contrato de traballo temporal unha vez superado o período de proba, ou terminación anticipada ou anulación de contratos de bens ou servizos, imposición de calquera medida disciplinaria, degradación ou denegación de ascensos e calquera outra modificación sustancial das condicións de traballo e a non conversión dun contrato de traballo temporal nun indefinido, en caso de que o traballador tivera expectativas lexítimas de que se lle ofrecería un traballo indefinido; salvo que estas medidas se levaran a cabo dentro do exercicio regular do poder de dirección ao amparo da lexislación laboral ou reguladora do estatuto do empregado público correspondente, por circunstancias, feitos ou infraccións acreditadas, e alleas á presentación da comunicación.

b) Danos, incluídos os de carácter reputacional, ou perdas económicas, coaccións, intimidacións, acoso u ostracismo.

c) Evaluación ou referencias negativas respecto ao desempeño laboral ou profesional.

d) Inclusión en listas negras ou difusión de información nun determinado ámbito sectorial, que dificulten ou impidan o acceso ao emprego ou a contratación de obras ou servizos.

e) Denegación ou anulación dunha licenza ou permiso.

f) Denegación de formación.

g) Discriminación, ou trato desfavorable ou inxusto”.



## Concello de Vigo

B. Nulidade dos actos administrativos que supoñan represalias ou introducción de impedimentos ou dificultades á presentación de comunicacións e responsabilidades derivadas da súa adopción.

Conforme ao art. 36.5 LPI, “os actos administrativos que teñan por obxecto impedir ou dificultar a presentación de comunicacións e revelacións, así como os que constitúan represalia ou causen discriminación trala presentación daquelas ao amparo desta lei, serán nulos de pleno dereito e darán lugar, no seu caso, a medidas correctoras disciplinarias ou de responsabilidade, podendo incluír a correspondente indemnización de danos e perxuizos ao perxudicado”.

C. Dereito ás medidas de protección fronte a represalias.

De acordo co art. 38 LPI serán de aplicación as seguintes medidas de protección e presuncións fronte a represalias. Así:

a. Non se considerará que as persoas informantes infrinxiran ningunha restrición de revelación de información, e aquelas non incurrirán en responsabilidade de ningún tipo en relación coa dita comunicación sempre que tiveran motivos razoables para pensar que a comunicación de dita información era necesaria para revelar unha infracción en virtude da LPI. Se ben, esta medida non afectará ás responsabilidades de carácter penal.

Esta medida esténdese á comunicación de informacións realizadas pola representación das persoas traballadoras, aínda que se encontren sometidas a obrigacións legais de sixilo ou de non revelar información reservada. Todo elo sen perxuízo das normas específicas de protección aplicables conforme á normativa laboral.

b. Tampouco incurrirán en responsabilidade respecto da adquisición ou o acceso á información comunicada, sempre que dita adquisición ou acceso non constituía un delito.

c. Nos procedementos ante un órgano xurisdiccional ou outra autoridade relativos aos perxuizos sufridos polos informantes, unha vez que o informante demostrara razoablemente que comunicou a información de conformidade con esta lei e que sufriu un perxuízo, presumirase que o perxuízo produciuse como represalia. En tales casos, corresponderá á persoa que tomase a medida perxudicial probar que esa medida se baseou en motivos debidamente xustificadas non vinculados á comunicación ou revelación pública.

d. Nos procesos xudiciais, incluídos os relativos a difamación, violación de dereitos de autor, vulneración de segredo, infracción das normas de protección de datos, revelación de segredos empresariais, ou a solicitudes de indemnización baseadas no dereito laboral ou estatutario, as persoas informantes non incurrirán en responsabilidade de ningún tipo como consecuencia de comunicacións ou de revelacións públicas protexidas pola mesma. Ditas persoas terán dereito a alegar na súa descarga e no marco dos referidos procesos

xudiciais, o ter comunicado ou ter feito unha revelación pública, sempre que tiveran motivos razoables para pensar que a comunicación ou revelación pública era necesaria para poñer de manifesto unha infracción en virtude da LPI.

#### 6.3.4. En relación coas medidas de apoio previstas no art. 37 da LPI

A. Dereito ás medidas de apoio reguladas no art. 37 da LPI, que serán prestadas pola Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., ou polo órgano competente da Comunidade Autónoma tal e como establece o art. 41 da LPI<sup>1</sup>, no momento en que se constituían e nos termos que se establezan.

Con respecto ás infraccións no ámbito do Concello, ao integrarse no sector público local, a prestación das medidas de apoio ás persoas informantes será competencia do órgano ou autoridade da Comunidade Autónoma, salvo que esta opte, ao amparo da disposición adicional segunda da LPI, pola suscripción de convenio para que sexa a Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., a que actúe no ámbito autonómico.

En canto ás concretas medidas de apoio previstas, polo menos, o art. 37 LPI establece que as citadas autoridades, haberán de prestar as seguintes:

- a. Información e asesoramento completos e independentes, que sexan facilmente accesibles para o público e gratuítos, sobre os procedementos e recursos dispoñibles, protección fronte a represalias e dereitos da persoa afectada.
- b. Asistencia efectiva por parte das autoridades competentes ante calquera autoridade pertinente implicada na súa protección fronte a represalias, incluída a certificación de que poden acollerse a protección ao amparo da presente lei.
- c. Asistencia xurídica nos procesos penais e nos procesos civís transfronteirizos de conformidade coa normativa comunitaria.
- d. Apoio financeiro e psicolóxico, de forma excepcional, se así o decidise a Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I. trala valoración das circunstancias derivadas da presentación da comunicación.
- e. Todo elo, con independencia da asistencia que puidera corresponder ao amparo da Lei 1/1996, de 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, para a

<sup>1</sup> "Autoridades competentes. As medidas de apoio previstas no presente título serán prestadas pola Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., cando se trate de infraccións cometidas no ámbito do sector privado e no sector público estatal, e , no seu caso, polos órganos competentes das comunidades autónomas, respecto das infraccións no ámbito do sector público autonómico e local do territorio da respectiva comunidade autónoma, así como as infraccións no ámbito do sector privado, cando o incumprimento comunicado se circunscriba ao ámbito territorial da correspondente comunidade autónoma.

O anterior debe entenderse sen perxuízo das medidas de apoio e asistencia específicas que poidan articularse polas entidades do sector público e privado".



## Concello de Vigo

representación e defensa en procedementos xudiciais derivados da presentación da comunicación ou revelación pública.

B. Dereito ás medidas de apoio e asistencia específicas previstas no Sistema Interno de Información do Concello. Sen perxuízo das medidas de apoio sinaladas competencia doutras Administracións, de conformidade co disposto no segundo parágrafo do art. 41, estableceranse medidas de información e asesoramento completos sobre o Sistema interno de información do Concello.

6.3.5. A análise da posible exención e atenuación das sancións cando a persoa informante participase na comisión da infracción administrativa obxecto da información prevista no art. 40 LPI

A. Análise da posible exención do cumprimento da sanción da persoa informante.

Cando se trate de procedementos sancionadores cuxa competencia corresponda ao Concello de Vigo, terase en conta a previsión do art. 40 LPI. De maneira que, na tramitación de ditos procedementos sancionadores e no marco da legalidade, o órgano competente para resolver o procedemento sancionador, mediante resolución motivada, poderá eximir do cumprimento da sanción administrativa ou atenuala, en función do cumprimento de todos e cada un dos seguintes requisitos:

- a) Ter cesado na comisión da infracción no momento de presentación da comunicación ou revelación e identificado, no seu caso, ao resto das persoas que teñan participado ou favorecido aquela.
- b) Teer cooperado plena, continua e dilixentemente ao longo de todo o procedemento de investigación.
- c) Ter facilitado información veraz e relevante, medios de proba ou datos significativos para a acreditación dos feitos investigados, sen que tivera procedido á destrución destes ou á súa ocultación, nin revelara a terceiros, directa ou indirectamente o seu contido.
- d) Ter procedido á reparación do dano causado que lle sexa imputable.

B. Análise da posible atenuación da sanción da persoa informante e extensión a outros partícipes.

No caso de que os anteriores requisitos non se cumpran na súa totalidade, déixase a

criterio da autoridade competente, previa valoración do grao de contribución á resolución do expediente, a posibilidade de atenuar a sanción que tería correspondido á infracción cometida, sempre que o informante ou autor da revelación non teña sido sancionado anteriormente por feitos da mesma natureza que deron orixe ao inicio do procedemento, nos termos establecidos no art. 40 LPI.

#### 6.4. Garantía do réxime sancionador

A. Réxime sancionador da LPI competencia da Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., ou equivalente da Comunidade Autónoma.

O réxime de protección do Sistema conta cun réxime sancionador establecido na propia LPI, que sanciona como infraccións as vulneracións dos dereitos das persoas informantes no seu Título IX, encomendando dita potestade sancionadora á Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., ou polo órgano competente da Comunidade Autónoma, que tipifica diversas infraccións, entre elas a adopción de represalias como a introdución de limitacións á presentación de informacións ou ás garantías e dereitos do informante (arts. 61, 63 e 65 LPI).

B. Medidas provisionais

No marco de ditos procedementos sancionadores posibilitase a adopción de medidas provisionais de protección á persoa informante (art. 36.6 LPI en relación co art. 56 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

C. Réxime disciplinario no ámbito do Concello

A potestade sancionadora da Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., e dos órganos autonómicos equivalentes, entenderase sen perxuízo das facultades disciplinarias que corresponden ao Concello de Vigo no ámbito interno municipal (art. 61 LPI).

## **7. PERSOAS AFECTADAS POLAS INFORMACIÓNS**

Esta Política recoñece os seguintes dereitos e garantías de protección para as persoas afectadas polas informacións, de conformidade coas previsións do art. 9.2, 33, 39 e título IX da LPI.

7.1. No procedemento de xestión das informacións do Sistema interno





## Concello de Vigo

A. Dereito a que se lle informe das accións ou omisións que se lle atribúan, no tempo e forma que se considere adecuado para garantir o bo fin da investigación .

B. Dereito a ser oída en calquera momento.

C. Dereito do respecto á presunción de inocencia e honor.

### 7.2. En materia de protección de datos

A. Garantía do exercicio dos dereitos recoñecidos pola normativa de protección de datos e respecto ás disposicións especiais establecidas nesta materia.

B. Dereito á preservación da identidade e garantía de confidencialidade dos datos correspondientes ás persoas afectadas.

### 7.3. Medidas de protección para as persoas afectadas polas informacións

De conformidade co art. 39 LPI “durante a tramitación do expediente as persoas afectadas pola comunicación terán dereito á presunción de inocencia, ao dereito de defensa e ao dereito de acceso ao expediente nos termos regulados nesta lei, así como á mesma protección establecida para os informantes, preservándose a súa identidade e garantíndose a confidencialidade dos feitos e datos do procedemento”.

### 7.4. Garantía do réxime sancionador

A. Réxime sancionador da LPI competencia da Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., ou equivalente da Comunidade Autónoma

O réxime de protección do Sistema conta cun réxime sancionador establecido na propia LPI, que sanciona como infraccións as vulneracións dos dereitos das persoas afectadas polas informacións no seu título IX, encomendando a dita potestade sancionadora á Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., ou polo órgano competente da Comunidade Autónoma, que tipifica diversas infraccións, entre elas calquera limitación de dereitos e garantías previstos na LPI, a vulneración das garantías de confidencialidade ou segredo respecto das persoas afectadas así como, comunicar ou revelar públicamente información a propósito da súa falsidade (art. 63 LPI).

B. Réxime disciplinario no ámbito do Concello

A potestade sancionadora da Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., e dos órganos autonómicos equivalentes, entenderase sen perxuízo das facultades

disciplinarias que corresponden ao Concello de Vigo no ámbito interno municipal (art. 61 LPI).

## **8. PROTECCIÓN DE DATOS**

### 8.1. Réxime xurídico do tratamento de datos persoais no Sistema interno de información

De acordo co sinalado no art. 29 da LPI, os tratamentos de datos persoais que deriven da aplicación desta lei rexiranse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, na Lei Orgánica 7/2021, de 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e enxuízamento de infraccións penais e de execución de sancións penais, e no presente título.

Non se recopilarán datos persoais cuxa pertinencia non resulte manifesta para tratar unha información específica ou, se se recopilan por accidente, eliminaranse sen dilación indebida.

### 8.2. Licidade dos tratamentos de datos persoais no Sistema interno de información municipal

Conforme ao previsto no art. 30 LPI os tratamentos de datos necesarios para a aplicación da LPI e o funcionamento do Sistema interno de información do Concello enténdense lícitos, ao ser de implantación obrigatoria de acordo co establecido no art. 13 da LPI, en virtude do establecido nos artigos 6.1.c) do REPD, art. 8 da LOPD e art. 11 da Lei Orgánica 7/2021, de 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e enxuízamento de infraccións penais e de execución de sancións penais.

### 8.3. Información sobre protección de datos persoais e exercicio de dereitos

Respectaranse os dereitos de información recollidos no art. 31 da LPI:

A. Cando se obteñan directamente dos interesados os seus datos persoais facilitaráselles a información a que se refiren os artigos 13 do REPD e 11 da LOPD

Ás persoas informantes informaráselles, ademais, de forma expresa, de que a súa identidade será en todo caso reservada, que non se comunicará ás persoas ás que se refiren os feitos relatados nin a terceiros.



## Concello de Vigo

B. A persoa afectada polas informacións non será en ningún caso informada da identidade da persoa informante.

C. Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, á limitación do tratamento, portabilidade, oposición e relativo ás decisións individuais automatizadas a que se refiren os artigos 15 a 22 do REPD.

D. En caso de que a persoa afectada polas informacións exercese o dereito de oposición, presumirase que, salvo proba en contrario, existen motivos lexítimos imperiosos que lexitiman o tratamento dos seus datos persoais.

### 8.4. Tratamento de datos persoais no Sistema interno de información

O tratamento dos datos persoais contidos no sistema desenvolverase conforme ao establecido no art. 32 LPI.

#### A. Limitación do acceso aos datos persoais do Sistema interno

O acceso aos datos persoais contidos no Sistema interno de información quedará limitado, dentro do ámbito das súas competencias e funcións, exclusivamente a:

- a) A persoa ou órgano Responsable do Sistema e a quen o xestione directamente.
- b) A responsable de recursos humanos ou o órgano competente para a tramitación do procedemento de adopción de medidas disciplinarias no ámbito do persoal do Concello.
- c) A responsable dos servizos xurídicos da entidade ou organismo, se procedera a adopción de medidas legais en relación cos feitos relatados na comunicación.
- d) As que teñan consideración de encargados do tratamento que eventualmente se designen.
- e) A figura do Delegado de protección de datos.

#### B. Licidade do tratamento para a adopción de medidas correctoras

Será lícito o tratamento dos datos por outras persoas, ou incluso a súa comunicación a terceiros, cando resulte necesario para a adopción de medidas correctoras na entidade ou a tramitación dos procedementos sancionadores ou penais que, no seu caso, procedan.

### C. Supresión e conservación de datos

En ningún caso serán obxecto de tratamento os datos persoais que non sexan necesarios para o coñecemento e investigación das accións u omisións que poidan constituír infraccións incluídas no ámbito material de aplicación da LPI, procedéndose, no seu caso, á súa inmediata supresión. Así mesmo, suprimiranse todos aqueles datos persoais que se poidan ter comunicado e que se refiran a condutas que non estean incluídas no ámbito de aplicación da lei.

Se a información recibida contivera datos persoais incluídos dentro das categorías especiais de datos, procederase á súa inmediata supresión, sen que se proceda ao rexistro e tratamento dos mesmos.

Os datos que sean obxecto de tratamento poderán conservarse no sistema de informacións unicamente durante o tempo imprescindible para decidir sobre a procedencia de iniciar unha investigación sobre os feitos informados.

Se se acreditase que a información facilitada ou parte de ela non é veraz, deberá procederse á súa inmediata supresión desde o momento en que se teña constancia de dita circunstancia, salvo que dita falta de veracidade poida constituír un ilícito penal, en cuxo caso gardarase a información polo tempo necesario durante o que se tramite o procedemento xudicial.

En todo caso, transcorridos tres meses desde a recepción da comunicación sen que se tivesen iniciado actuacións de investigación, deberá procederse á súa supresión, salvo que a finalidade da conservación sexa deixar evidencia do funcionamento do sistema. As comunicacións ás que non se teña dado curso soamente poderán constar de forma anonimizada, sen que sexa de aplicación a obrigação de bloqueo prevista no artigo 32 da LOPD.

D. As persoas empregadas públicas e terceiros deberán ser informados acerca do tratamento de datos persoais no marco dos Sistemas de información a que se refire o presente artigo.

### 8.5. Preservación da identidade das persoas informantes e das persoas afectadas polas informacións

As persoas informantes tienen dereito a que a súa identidade non sexa revelada a terceiras persoas, nos termos establecidos no art. 33 LPI.

O Sistema interno de información non obterá datos que permitan a identificación da persoa informante e contará con medidas técnicas e organizativas axeitadas para



## Concello de Vigo

preservar a identidade e garantir a confidencialidade dos datos correspondentes ás persoas afectadas e a calquera terceira persoa que se mencione na información suministrada, especialmente a identidade da informante en caso de que se tivera identificado.

A identidade da persoa informante só poderá ser comunicada á Autoridade xudicial, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade administrativa competente no marco dunha investigación penal, disciplinaria ou sancionadora. Neste caso, a revelación da identidade estará suxeita ás salvagardas establecidas na normativa aplicable. En particular, antes de revelar a súa identidade trasladaráselle á persoa informante, salvo que dita información puidera comprometer a investigación ou o procedemento xudicial. Cando a autoridade competente o comunique á persoa informante, remitiralle un escrito explicando os motivos da revelación dos datos confidenciais en cuestión.

### 8.6. Delegado de protección de datos

O Concello conta coa figura do “Delegado de Protección de Datos” que terá acceso aos datos do Sistema interno dentro do ámbito das súas competencias e funcións.

### 8.7. Cláusula de protección de datos do Sistema Interno de Información.

O Sistema Interno de Información incorporará a seguinte cláusula de protección de datos:

“O Concello de Vigo obrígase a cumprir o Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos (RGPD) e a Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

- **Responsable do tratamento dos seus datos:** Concello de Vigo, con NIF P3605700H,
- **Finalidade:** A tramitación da denuncia interposta polo interesado,
- **Lexitimación:** O cumprimento dunha obrigaón legal (artigo 6.1,c do RGPD), o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo, 6.1,e do RGPD).
- **Conservación:** Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos,
- **Destinatarios:** Os datos de carácter persoal poderán ser comunicados a outras Administracións, forzas e corpos de seguridade ou a órganos xudiciais,
- **Medidas de seguridade:** Tendo en conta do carácter reservado dos datos, documentos e informacións contida nas denuncias, os datos serán secretos,

tratándoos coa máxima reserva, e declaran ter implantadas no seu sistema de información as medidas de seguridade correspondentes en atención ao tipo de datos manexados e conforme ao disposto na vixente normativa de Protección de Datos, en concreto en cumprimento do artigo 32 do RGPD e a Disposición Adicional Primeira da LOPDGDD,

- **Dereitos:** Poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, e demais dereitos mediante a sección de Protección de datos da sede electrónica.
- **Información Adicional:** Sección de Protección de Datos: [https://sede.vigo.org/expedientes/sede\\_textos/texto.jsp?id=sede\\_lopd&lang=gal](https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?id=sede_lopd&lang=gal)

## 9. FORMACIÓN

O Concello formará ao seu persoal co obxectivo de xerar o coñecemento necesario sobre o marco legal e institucional de integridade e sobre a protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

En particular, impartirase a formación necesaria para que, en caso de que unha comunicación sexa remitida por unha canle diferente ou a persoal non responsable do seu tratamento, a persoa receptora da comunicación a remita inmediatamente ao responsable do sistema e advertirase ao persoal de que o quebrantamento da garantía de confidencialidade do Sistema é unha infracción moi grave [art. 9.2.g) LPI]. Igualmente, impartirase formación acerca do tratamento de datos persoais no marco dos Sistemas de información (art. 32.5 LPI).

## 10. PUBLICIDADE

O Concello publicitará e difundirá o Sistema interno de información, con obxectivo de dalo a coñecer e facilitar o acceso ao Sistema. Esta Política do sistema será debidamente publicitada no seo do Concello, polo que se procederá á súa publicación na intranet municipal.

Igualmente formará parte da información relativa ao sistema interno de información municipal que figurará na páxina web do Concello, na súa páxina de inicio, en sección separada e fácilmente identificable, así como no portal de transparencia.

## 11. MEDIOS COMPARTIDOS



## Concello de Vigo

Conforme o disposto no artigo 14.2 da LIP as entidades pertencentes ao sector público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes do Concello de Vigo, e que contén con menos de cincuenta traballadores, poderán compartir coa Administración de adscrición o Sistema interno de información e os recursos destinados ás investigacións e as tramitacións, previa solicitude e acordo do órgano competente.”

SEGUNDO.- Publicar no Portal de Transparencia e nos termos indicados na cláusula 10.

TERCEIRO.- Contra contra este acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **B).- PROPOSTA DE CREACIÓN DO ÓRGANO RESPONSABLE DO “SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN”. EXPTE. 1446/1102.**

Dáse conta do informe-proposta de data 12/06/2023, asinado pola secretaria de Goberno local, o interventor xeral, o tesoureiro municipal, a titular de Asesoría Xurídica, a xefa do Servizo de Contratación, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, o xefe do Servizo de Administración Electrónica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

- 1 O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade. Mostra de ilo é a súa integración na “Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana” da Federación Española de Municipios y Provincias, acordada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2015 e a súa adhesión ó Código de Bo Goberno Local da FEMP por acordo plenario de data 30 de novembro do mesmo ano.

2 Asemade, atendendo á Administración Electrónica, como un dos pilares do bo goberno e boa administración, a Xunta de Goberno Local en sesión do 04/11/2016, acordou o impulso da Transformación Integral de Administración Municipal coa constitución dunha Comisión Técnica do Plan (expediente 88/1102). No desenvolvemento do Plan de Transformación Integral adoptáronse diversas medidas no sustancial recollidas na Memoria final (expediente 905/1102, accesible en [https://transparencia.vigo.org/?id\\_file=803&lang=es&file=](https://transparencia.vigo.org/?id_file=803&lang=es&file=)

- Medidas de Implementación das Leis 39/2015 e 40/2015.
- Aprobación “Política de Seguridade da Información” dentro do marco normativo do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o ENS.
- Habilitación do acceso dos membros da Corporación aos expedientes aprobados pola Xunta de Goberno Local.
- Constitución e nomeamento dos membros do Comité de Seguridade da Información (AXGL do 20/01/2017 e 21/01/2022)).
- Implantación da práctica de notificacións por medios electrónicos.
- Aprobación da aplicación das previsións contidas no Esquema Nacional de Seguridade (ENS) e do Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) ao Concello de Vigo.
- Aprobación documento de “Política de Xestión Documental” dentro do marco normativo do Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade e os seus anexos.
- Constitución Comité Técnico do Esquema Nacional de Interoperabilidade.
- Posta en funcionamento dos Libros Electrónicos de Resolucións.
- Actuacións administrativas automatizadas.
- Datos abertos (Open Data).
- Contratación electrónica.
- Creación da Oficina de Asistencia en materia de Rexistros.





## Concello de Vigo

- Experiencia piloto para o traballo mediante o uso de medios electrónicos fora das instalacións do Concello de Vigo.
  - Plataforma intermediación de datos
  - Integración en Apodera, Representa Notifica, SIA.
  - Implantación sistema de accesibilidade web multifuncional
  - Elaboración e aprobación do Catálogo de procedementos do Concello de Vigo
  - Catalogación de fondos e dixitalización do arquivo xeral
- 3** Aprobación da Ordenanza Administración Electrónica en sesión plenaria do 04/06/2021, a partires tamén do traballo colaborativo no seo do Grupo de Traballo Sectorial da Ordenanza de Administración Electrónica, constituído polo Concelleiro delegado de Xestión Municipal do 04/05/2017, do que se deu conta na Xunta de Goberno Local do 12/05/2017 (expediente 152/1102).
- 4** En materia de Transparencia:
- 4.a Resolución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal do 17/02/2016 polo que se constituíu o Grupo Técnico de Traballo de Transparencia e Acceso á Información Pública do Concello de Vigo (expediente 66/1102) accesible en [https://hoxe.vigo.org/pdf/transparencia/acordos\\_org/gtraballo\\_transparencia.pdf](https://hoxe.vigo.org/pdf/transparencia/acordos_org/gtraballo_transparencia.pdf)
  - 4.b Acordo da Xunta de Goberno local de aprobación do “Plan de seguimento e avaliación da transparencia e o bo goberno municipal” (expediente 289/1102).
  - 4.c Así como todos os desenvolvementos posteriores que recollen as memorias accesibles en [https://transparencia.vigo.org/?idt=plan\\_seguim\\_eval&lang=es#1](https://transparencia.vigo.org/?idt=plan_seguim_eval&lang=es#1)
- 5** En materia de medidas antifraude na xestión de fondos europeos da estratexia de desenvolvemento urbano “Vigo Vertical”, entre outras que poden consultarse en [https://hoxe.vigo.org/conecenos/vigo\\_vertical10.php?lang=gal#/,](https://hoxe.vigo.org/conecenos/vigo_vertical10.php?lang=gal#/) cabe sinalar:
- 5.a Declaración Institucional Antifraude e outras medidas antifraude adoptadas no marco da estratexia de desenvolvemento urbano “Vigo Vertical”.

5.b Resolución de 6 de febreiro de 2017, do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado do Área de Fomento, Limpeza e Contratación, que constituíu un Comité de Autoavaliación. O Concello de Vigo na súa condición de entidade “beneficiaria” dos Fondos FEDER acordou adoptar un modelo de traballo proactivo, estruturado e específico para xestionar o risco de fraude no ámbito da xestión destes fondos. Así, consonte ás orientacións da Comisión Europea procedeu a constitución dun equipo de autoavaliación do risco de fraude. Por Este está formado por unha representación dos distintos departamentos do Concello con diferentes responsabilidades en todos os procesos de xestión para a execución das actuacións derivadas do proxecto EDUSI VIGO VERTICAL

- 6 Acordo da Xunta de Goberno Local do 22/11/2018, de creación do Comité Técnico de Integridade na contratación (expediente 439/1102), actualizado por Resolución da Concellería delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal do 03/12/2021 (delegación AXGL 12/12/2019).
- 7 Como resultado dos seus traballos, a Xunta de Goberno local, aprobou o 12/12/2019 o “Plan de Integridade da Contratación. Marco Estratéxico”, e encomendou o seu desenvolvemento operativo á Concellería delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (439/1102).
- 8 O Plan Operativo de Integridade na Contratación foi aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 17 de decembro de 2019 (en virtude da devandita delegación do 12/12/2019), no mesmo expediente 439/1102)
- 9 En execución do Plan de Integridade da Contratación adoptáronse diversas medidas que poden consultarse en [https://transparencia.vigo.org/?idt=plan\\_integr\\_contrata&lang=ga](https://transparencia.vigo.org/?idt=plan_integr_contrata&lang=ga). Ademais, o Plan de Integridade da contratación, tamén preveu dúas medidas que transcenden o ámbito da contratación pública e que resultan aplicables ao conxunto das materias e accións propias do Concello:
  - 9.aA Declaración de Integridade Institucional por acordo da Xunta de Goberno local do 12/03/2021 (expediente 728/1102)
  - 9.bA aprobación do Código de Conduta por acordo da Xunta de Goberno local do 01/04/2022 (expediente 729/1102)
- 10 Entre moitas das súas medidas, este Plan prevía un Comité de Integridade e a creación dunha canle interna de denuncias en materia de contratación:
  - 10.a Resolución da Concelleira delegada de contratación patrimonio e xestión municipal de 26/11/2020, de aprobación do Comité de



## Concello de Vigo

Integridade Contractual (expediente 6551-241), modificado por acordo da Xunta de Goberno local do 13/01/2022 (expediente 6696/241)

- 10.b Creación da canle de alertas en materia de contratación, por acordo da Xunta de Goberno local do 13/01/2022 (expediente 6695/241).

O dito acordo xa recollía na súa parte expositiva que no deseño da canle se atendía á regulación contida na Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de outubro de 2019 relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión coñecida como Directiva *Whistleblower* ou *Whistleblowing*.

Asemade, a xestión desta canle telemática encomendábase ao Comité de Integridade Contractual, con plena autonomía funcional e sen suxeición a orde xerárquica ningunha.

- 11** Nesta mesma liña, tamén se aprobou o Plan Antifraude, adoptado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 11/03/2022 (expediente 1185/441) relativo ao plan de medidas antifraude, do sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, no que se acorda, entre outros extremos, a composición do Comité de autoavaliación para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro. O Plan de Medidas Antifraude pode consultarse en [https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr\\_antifraude.php?lang=gal#/](https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr_antifraude.php?lang=gal#/)
- 12** O Concello de Vigo conta cun Delegado de Protección de Datos nomeado por acordo de XGL de 18 Novembro de 2022 (expediente 8837/113). O Responsable do Sistema Interno de Información, no caso de ter algunha dúbida na xestión das comunicacións que impliquen tratamento de datos persoais e nas que poida existir o tratamento de datos de categorías especiais, poderá remitir consulta ao Delegado de Protección de Datos do Concello de Vigo.
- 13** Publicación no Boletín Oficial do Estado do núm. 44 do 21 de febreiro de 2023, da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.
- 14** En sesión do 20/04/2023, o Comité de Integridade Contractual pon de manifesto a necesaria adaptación da canle de alertas á LPI.
- 15** Por Resolución da Alcaldía de data 17.05.2023 delegouse na Xunta de Goberno Local ao abeiro do artigo 124.ñ) e 124.5 da Lei 7/85, do de abril, a *competencia para a adopción do acordos municipais que se precisen para dar cumprimento ás obrigas respecto do "Sistema interno de información"*

*establecidas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.*

- 16** En data 19.05.2023 por Resolución da Concellería delegada da área de Contratación, Seguridade e Xestión Municipal adoptouse acordo de creación dun grupo de traballo constituído polas persoas funcionarias integrantes do Comité de Integridade Contractual e pola Xefatura da Área Recursos Humanos e Formación, que se incorporará de forma permanente para encomendarlle formalmente a elaboración da documentación e formulación de propostas ao órgano competente para dar cumprimento as obrigas establecidas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción". Este grupo de traballo quedará extinguido ao remate da implantación do Sistema Interno de Información.
- 17** O grupo de traballo, consensou a proposta técnica de designación dun órgano colexiado como Responsable do Sistema de interno de información.
- 18** En data 25.05.2023 o grupo de traballo formulou proposta
- 19** Proposta técnica de aprobación da Política do Sistema Interno de Información do Concello e garantía de Protección das persoas informantes.
- 20** Proposta do responsable do Sistema Interno de Información
- 21** Proposta técnica de actuacións e informacións previas a seguir na xestión do Sistema Interno de Información.
- 22** En data 25.05.2023 e conforme o disposto no artigo 24 da Ordenanza Municipal de Administración Electrónica remitiuse trámite de audiencia ao buzón 701 Comité e Sindicatos ( documento electrónico 230148613) e 7010 SICO (documento electrónico 230148618) , 7011 UXT (documento electrónico 230148619) , 7012 CIG (documento electrónico 230148620), 7013 CCOO (documento electrónico 230148621), 7014 SSPME (documento electrónico 230148622) 7015 CUT (documento electrónico 230148623).
- 23** Na mesma data solicitouse informe ao delegado de protección de datos designado en expte 8837\_113
- 24** En data 30.05.2023 emitíuse informe do Delegado de protección de datos
- 25** En data 06.06.2023, Enrique Alonso Rodríguez E/R da sección sindical CCOO no Concello de Vigo presenta escrito de alegacións.
- 26** En data 9.06.2023 reuniuse o grupo de traballo aos efectos de emisión informe respecto das alegacións presentadas pola sección sindical de CCOO



**Concello de Vigo**

no concello e formular informe proposta.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### 1. Entrada en vigor da Lei 2/2023, incorporación da Directiva 2019/1937

A Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (LPI en posteriores citas), incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión (en adiante, DPI).

Ao igual que a DPI, a LPI responde á dobre finalidade de (i) protexer ás persoas que informen sobre infraccións (whistleblowers) e de (ii) velar polo cumprimento normativo, pois parte da consideración do fomento da cultura da información e do fortalecemento das infraestruturas de integridade das organizacións como mecanismos de prevención e detección de ameazas ao interese público<sup>1</sup>.

En orde a alcanzar as devanditas finalidades, a LPI determina o ámbito e as medidas de protección<sup>2</sup>; establece as vías de comunicación das que dispoñerán as persoas informantes<sup>3</sup>, contempla a necesaria protección dos datos persoais<sup>4</sup>, e pecha as súas previsións co establecemento dun réxime sancionador que tutela o sistema<sup>5</sup>.

En canto ás vías de información dos incumprimentos normativos, a LPI regula tres:

- as canles internas, “sistemas internos de xestión da información”, que todas as entidades que integran o sector público están obrigadas a establecer e, por tanto, terán competencias os tres niveles de organización territorial
- as canles externas dos que se responsabiliza, no ámbito estatal, a unha autoridade administrativa independente e, no ámbito autonómico, ás autoridades ou órganos autonómicos correspondentes (se ben, poden optar pola subscripción dun convenio coa autoridade administrativa independente estatal).
- e, finalmente, recóllese a posibilidade de acudir á revelación pública, isto é, a poñer ao dispor do público da información sobre infraccións normativas a través da prensa ou doutros medios de difusión.

1 Art. 1 LPI.

2 Título I, “finalidade e ámbito de aplicación da lei”, e título VII, “medidas de protección”.

3 Título II, “sistema interno de información”; título III, “canal externo de información e a *Autoridad Independiente de Protección del Informante, A.A.I.*” ou a través das autoridades e órganos autonómicos” en relación co título IV, “publicidade da información e rexistro das comunicacións” e o título VIII que regula a “*Autoridad Independiente de Protección del Informante, A.A.I.*”; e, finalmente, no título V, se ocupa brevemente da “revelación pública”.

4 Título VI, “protección de datos persoais”.

5 Título IX, “réxime sancionador”.



## Concello de Vigo

Os sistemas internos de información configúranse como canles preferentes (art. 4 LPI) para que as persoas informantes comuniquen determinadas informacións relativas a infraccións normativas graves e moi graves. Desde o punto de vista subxectivo, as persoas informantes cualifícanse pola obtención da información no contexto laboral e profesional, das que se recolle un listado non exhaustivo no art. 3 LPI, e, desde o punto de vista obxectivo debe tratarse de informacións relativas a infraccións graves ou moi graves nos termos do art. 2 LPI.

### **2. Obrigatoriedade de implantación do Sistema interno de información**

Esta Lei establece a obrigatoriedade de implantación dos sistemas internos de información xeneralizouse a todas as entidades do sector público e, por tanto, ás entidades que integran a Administración Local [art. 13.1.a) LPI]. Con todo, en atención á súa diferente dimensión, posibilitouse a súa xestión compartida pero só para municipios con menos de 10.000 habitantes (art. 14 LPI). Unica e exclusivamente verbo da súa xestión instrumental o art. 15 LPI prevé a posibilidade de acudir a un terceiro externo nos supostos de insuficiencia de medios propios.

En orde a súa implantación, o art. 5.2 LPI establece nas súas letras g), h), i) e j) que o sistema interno de información debe contar coa figura de responsable do sistema, unha política que enuncie os seus principios xerais, cun procedemento de xestión das informacións recibidas, e co establecemento das garantías para a protección das persoas informantes (con respecto ás sinaladas no art. 9 LPI).

Unha vez establecida a súa obrigatoriedade para o conxunto do sector público local, a LPI establece a posibilidade de adaptación dos sistemas e canles internas de información existentes na súa disposición transitoria primeira, e uns prazos de establecemento dos sistemas internos de información francamente breves. En concreto, a súa disposición transitoria segunda, establece un prazo máximo xeneral de tres meses desde a entrada en vigor da lei, isto sitúa a data límite no 13 de xuño de 2023; e un máis amplo, ata o 1 de decembro de 2023 para os municipios de menos de 10.000 habitantes.

Esta brevidade do prazo complica a implantación dos Sistemas Internos de Información (SII, en diante), por varias razóns:

- A aplicación da LPI require dunha análise exhaustiva por tratarse dunha novidade no ordenamento xurídico que carece dunha regulación acabada, máxime se temos en conta a parca regulación do Sistema Interno de Información no Sector Público, do capítulo III da LPI con tres preceptos; ou a mínima concreción sobre as actuacións de xestión das informacións, respecto das que unicamente se regulan os principios xerais no art. 9, de aplicación común ao sector público e privado, que contrasta coa regulación máis concreta para os supostos de información a través das canles externas, nos artigos 17 a 20 da LPI.

Así, o art. 5.2.i) en relación co art. 9.1 LPI deixa a criterio do órgano de goberno de cada entidade a determinación do procedemento de xestión das informacións recibidas, sinalando o contido mínimo e os principios rectores

- Moitos dos contidos e requisitos de implantación do SII requiren de comunicacións e información respecto do canal externo e da *Autoridad Independiente de Protección del Informante, A.A.I. (referida en posteriores citas como AAIFI)*. En cambio, o prazo establecido para o canal externo é de seis meses (disposición transitoria segunda.3) e, en canto, á AAIFI prevé un ano para aprobación do seu Estatuto, na disposición final décima), é polo tanto, con posterioridade a que estean implantados ou adaptados os SII na Administración local.

Neste contexto normativo, o Concello de Vigo conta coa vantaxe de contar cunha canle interna de información en materia de contratación, que foi creada con atención á DPI e do que a súa xestión foi encomendada a un Comité de composición plural. No entanto, enfróntase ás mesmas dificultades derivadas dun completo desenvolvemento e sen poder adiantar a regulación autonómica ou o desenvolvemento estatal ou o ditado de instrucións ou recomendacións que, con probabilidade, se sucederán no futuro.

### **3. A figura de Responsable do Sistema interno de información**

O art. 5.2.g) da LPI establece que o *Sistema interno de información* deberá contar coa figura de *Responsable do Sistema*, sen embargo non detalla as súas funcións, unicamente no art. 9.1 da LPI se concreta o cometido de tramitar dilixentemente as informacións recibidas no Sistema.

A regulación do *Responsable do Sistema* establécese no art. 8 da LPI, que contén as seguinte previsións aplicables no sector público:

- a A súa designación, destitución e cese compete ao órgano de goberno de cada entidade.
- b Pódese optar pola designación duna persoa física ou polo establecemento dun órgano colexiado, que deberá delegar nun dos seus membros as facultades de xestión do SII e de tramitación de expedientes de investigación.
- c O nomeamento e o cese da persoa física ou das persoas integrantes do órgano colexiado deberán ser notificados á *Autoridad Independiente de Protección del Informante, A.A.I.*, e, de ser o caso, á autoridade ou órgano competente da Comunidade Autónoma, no ámbito das súas respectivas competencias, no prazo dos dez días hábiles seguintes, especificando, no caso de cese, as razóns que o xustificaron.





## Concello de Vigo

- d As funcións de Responsable do Sistema desenvolveranse de forma independente e autónoma respecto do resto dos órganos da entidade ou organismo , non poderán recibir instrucións de ningún tipo no seu exercicio, e deberá dispoñer de todos os medios persoais e materiais necesarios para levalas a cabo.
- e Nas entidades ou organismos en xa existise unha persoa responsable da función de cumprimento normativo ou de políticas de integridade, calquera que fose a súa denominación, poderá ser esta a persoa designada como Responsable do Sistema.

Ademais, debe atenderse ao disposto no art. 6.3 da LPI que impide que se recorra a una xestión por terceiro externo que supoña a atribución da responsabilidade en persoa distinta da Responsable do Sistema do art. 8 LPI.

Ningún outro requisito establece a LPI para o sector público. No entanto, para o sector privado o art. 8.5 LPI sinala que a persoa física individual ou na que delegue o órgano colexiado será un directivo da entidade que exercerá o seu cargo con independencia do órgano de administración ou de goberno da mesma. Cando a natureza ou a dimensión das actividades da entidade non xustifiquen ou non permitan a existencia dun directivo Responsable do Sistema, será posible o desenvolvemento ordinario das funcións do posto ou cargo coas de Responsable do Sistema, tratando en todo caso de evitar posibles situacións de conflito de interese.

Á vista da regulación exposta, e considerando que o Concello de Vigo conta con experiencias previas positivas de traballo colaborativo expostas nos antecedentes de feito, mediante a creación de equipos e grupos de traballo de composición diversa en materias como transformación dixital, transparencia, plan antifraude, esquema nacional de seguridade, ou integridade, considérase preferible optar pola creación dun órgano colexiado, por canto permite a suma de coñecementos técnicos diversos, unha análise desde diversas perspectivas e unha composición plural que o dota dunha maior garantía de independencia e autonomía funcional. Os seus integrantes serán persoas funcionarias públicas, en atención á prohibición legal de externalización destas atribucións que apunta ao exercicio de funcións desta natureza.

En canto á súa composición, atendendo ás funcións máis relacionadas co Sistema interno de información e ás áreas de coñecemento máis afectadas pola Lei 2/2023, do 20 de febreiro, considéranse especialmente idóneas para integrar o órgano responsable do sistema interno de información os seguintes:

- a A persoa asignada á Secretaría de Goberno Local, con funcións en materia de fe pública municipal, rexistro e transparencia.
- b A persoa asignada á Intervención Xeral Municipal, con funcións en materia de

control e fiscalización interna da xestión económica-financeira e orzamentaria e designado responsable do Servizo do Comité de Seguridade da Información.

- c A persoa asignada ao órgano directivo municipal Titular da Asesoría Xurídica Municipal, en canto o art. 129 lle atribúe a estas funcións de asesoramento xurídico e de representación e defensa en xuízo do Concello.
- d A persoa asignada á Tesourería Municipal, con funcións en materia de custodia de fondos.
- e A persoa asignada á Xefatura do Servizo de Administración Electrónica, con funcións de soporte técnico das ferramentas electrónicas telemáticas precisas, e en materia de seguridade da información e do esquema nacional de seguridade, designado responsable de Seguridade do Comité de Seguridade da Información.
- f A persoa asignada á Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, en relación co ámbito propio do *Sistema*, que se configura desde o punto de vista subxectivo en atención ao contexto laboral ou profesional no que se toma coñecemento das informacións e, desde o punto de vista obxectivo, infraccións graves e moi graves, pode requirir de coñecementos en materia de responsabilidade das persoas empregadas públicas.
- g A persoa asignada á Xefatura da Área de Contratación, en relación co ámbito propio do *Sistema*, que se configura desde o punto de vista subxectivo en atención tamén ao contexto laboral ou profesional, no que se abrangue a calquera persoa relacionada con contratistas, subcontratistas e provedores; e, desde o punto de vista obxectivo, con expresa inclusión da materia de contratación no ámbito da aplicación material da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2019, que pode requirir coñecementos específicos en materia de responsabilidades en materia de contratación e conflitos de intereses, entre outros extremos.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, as persoas integrantes do *Órgano Responsable do Sistema Interno de Información* serán suplidas por aquelas ás que corresponda a súa suplencia nos postos que determinan a súa integración do devandito órgano colexiado.

As actuacións de xestión das informacións do SII establecerá, desde o seu mesmo inicio, as medidas preventivas precisas en materia de conflito de intereses e supostos de abstención no desenvolvemento das funcións como integrantes do *Órgano Responsable do Sistema Interno de Información*, a efectos de garantir que a súa participación non está afectada polo exercicio profesional propio do seu posto de traballo.



## Concello de Vigo

### **4. Réxime xurídico dos órganos colexiados.**

Resulta de aplicación ao Órgano Responsable do Sistema Interno de Información a regulación establecida na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público relativa aos órganos colexiados das distintas administracións públicas.

A Presidencia corresponderalle á persoa funcionaria de carreira asignada á Secretaría de Goberno Local.

A Secretaría non corresponderá a ningún membro do órgano colexiado, senón que, de conformidade co art. 16.1 da Lei 40/2015, corresponderalle a un persoa funcionaria pública designada a proposta do órgano colexiado que se crea.

As normas de funcionamento serán as establecidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector público e normas concordantes.

Consonte ao artigo 28 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, a asistencia aos órganos colexiados dará orixe á indemnización por razón de servizo.

### **5. Publicidade.**

Consonte ao art. 25 da LPI a información sobre a canle interna de información deberá figurar na web municipal, na páxina de inicio, nunha sección separada e facilmente identificable.

Igualmente, ao tratarse dun instrumento de rendición de contas e de relevancia xurídico institucional, debe ser obxecto de publicación no Portal de Transparencia, consonte á Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Asemade, tendo en conta que o ámbito de aplicación do SII ven determinado subxectivamente polo contexto laboral ou profesional no que se reciban as informacións e que obxectivamente unha das materias abrangidas é a da contratación pública, resulta convinte a súa publicación no Portal do Emprego Público do Concello de Vigo e no perfil do contratante.

Finalmente, o carácter xeral do acordo e o art. 15.3 da Lei 40/2015, determinan a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### **6. Competencia.**

O art. 5.1 e o art. 9.1 da LPI establecen atribúen a competencia ao órgano de goberno da entidade, sen atribución específica a ningún órgano municipal, polo que consonte ao art. 124.4.º da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, concorre o suposto de competencia residual da Alcaldía. A competencia

corresponde á Xunta de Goberno local, en virtude da delegación acordada por Resolución da Alcaldía de data 17 de agosto de 2023.

Por outra banda, a natureza xurídica da xestión das informacións do Sistema interno de información é a de informacións ou actuacións previas ao inicio dun procedemento, art. 55 da Lei 39/2015, do 1 de outubro<sup>1</sup>, que establece no seu apartado segundo: “las actuaciones previas serán realizadas por los órganos que tengan atribuidas funciones de investigación, averiguación e inspección en la materia y, en defecto de éstos, por la persona u órgano administrativo que se determine por el órgano competente para la iniciación o resolución del procedimiento”. E tratándose de informacións relativas a infraccións graves ou moi graves, cómpre ter en conta tamén o título competencial xeral respecto da potestade sancionadora que se atribúe á Xunta de Goberno local no art. 127.1.l da Lei 7/1985, do 2 de abril.

## **7. Recursos.**

O réxime de recursos é o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, en relación coa Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases réxime local, e Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

## **8.- Da alegacións presentadas pola sección sindical de CCOO en trámite de consulta.-**

### 8.1.- A sección sindical aclaración da natureza do documento administrativo remitido no trámite de consulta

O Comité Técnico de Integridade en sesión de data 20.04.2023 acordou que trala publicación da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (LPI) deberase proceder a:

- a) A aprobación dunha política ou estratexia do sistema, que enuncie os principios xerais e defensa da persoa informante e estableza as garantías necesarias para a protección das persoas informantes no ámbito da organización. Dita política do sistema ten que ser debidamente publicitada no seo da organización.
- b) Adaptación do canal de alertas á LPI conforme o disposto na DT 1a de dita Lei
- c) A designación de responsable do sistema, que se comunicará á AAIP.
- d) A formación das persoas empregadas públicas

<sup>1</sup> Como sinala Míguez Macho, L. (2023, El Consultor de los Ayuntamientos, num. II, abril), aínda que se empregue o termo de “procedemento”, non se trata propiamente dun procedemento administrativo dos regulados pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, xa que non remata coa adopción dun acto administrativo de carácter resolutorio que poida ser recorrido. Estas actuacións teñen a natureza xurídica de “información e actuacións previas” reguladas no art. 55 da Lei 39/2015, “co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto e a conveniencia ou non de iniciar o procedemento”. Neste senso, a previsión da irrecorribilidad do resultado desas actuacións recollido no art. 13.5 da LPI.



## Concello de Vigo

Por Resolución da concelleira delegada en materia de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 19.05.2023 adoptouse a acordo de creación dun grupo de traballo constituído polas persoas funcionarias integrantes do Comité de Integridade Contractual e pola Xefa de Recursos Humanos, que se incorporará de forma permanente para encomendarlle formalmente a elaboración da documentación e formulación de propostas ao órgano competente para dar cumprimento as obrigas establecidas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción". Este grupo de traballo quedará extinguido ao remate da implantación do Sistema Interno de Información.

Neste senso o grupo de traballo formulou as seguintes propostas técnicas para someter a consulta coa representación legal das persoas traballadoras con carácter previo á súa aprobación conforme o disposto no art. 5.1 LPI dos seguintes documentos

- 1.- Proposta técnica de aprobación da Política do Sistema Interno de Información do Concello e garantía de protección das persoas informantes.
- 2.- Proposta do responsable do Sistema Interno de Información
- 3.- Proposta técnica de actuacións e informacións previas a seguir na xestión do Sistema Interno de Información.

O artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común determina que *"1. Instruídos os procedementos, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poranse de manifesto aos interesados ou, se for o caso, aos seus representantes, para o cal se terán en conta as limitacións previstas, se for o caso, na Lei 19/2013, do 9 de decembro."*

Os documentos remitidos constitúen propostas técnicas elaborada polo grupo de traballo designado para dar cumprimento as obrigas establecidas na LPI e que, con carácter previa a súa aprobación polo órgano competente, someteuse a consulta da representación sindical conforme o art. 5.1 da LPI en relación co artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común determina que *"1. Instruídos os procedementos, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poranse de manifesto aos interesados ou, se for o caso, aos seus representantes, para o cal se terán en conta as limitacións previstas, se for o caso, na Lei 19/2013, do 9 de decembro."*

Así mesmo cómpre sinalar que a Concelleira de Seguridade, Contratación e Seguridade, en virtude a Resolución da Alcaldía de data 6.09.2022 ten atribuída as funcións de interlocución como representante do Goberno Municipal nas relacións cos órganos de representación sindical dos empregados públicos municipais,

desenvolvendo a política municipal nesta materia. De este xeito, seguiuuse o criterio de actuación da administración en expedientes (expte 41702-220, 39599-220)

8.2.- A responsabilidade do Sistema Interno de Información do Concello de Vigo conforme o artigo 8 da LPI atribúese segundo a proposta do responsable do Sistema Interno de Información a un órgano colexiado que se denominará “Órgano Responsable do Sistema Interno de Información do Concello de Vigo que actuará con plena autonomía funcional e sen suxeición a orde xerárquica ningunha e disporá de todos os medios persoais e materiais necesarios para levalas a cabo (cláusula primeira e quinta do Proposta do responsable do Sistema Interno de Información).

Por último indicar que a representación sindical de CCOO non formula ningunha proposta de mellora as propostas técnicas formuladas polo grupo de valoración.

E por isto polo que os membros do grupo de traballo acordan elevar a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**Primeiro.** Dispoñer a creación dun órgano colexiado como *Responsable do Sistema Interno de Información*, que se denominará “*Órgano Responsable do Sistema Interno de Información do Concello de Vigo*”.

**Segundo.** Establecer que o *Órgano Responsable do Sistema Interno de Información do Concello de Vigo* terá a seguinte composición:

- a A persoa funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional, Subescala de Secretaría, categoría superior, asignada á Secretaría de Goberno Local
- b A persoa funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional, Subescala de Intervención-Tesourería, categoría superior, asignada á Intervención Xeral Municipal
- c A persoa funcionaria de carreira asignada ao órgano directivo municipal Titular da Asesoría Xurídica Municipal
- d A persoa funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional, Subescala de Intervención-Tesourería, asignada á Tesourería Municipal
- e A persoa funcionaria de carreira asignada á xefatura do Servizo de Administración Electrónica
- f A persoa funcionaria de carreira asignada á Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación



## Concello de Vigo

g A persoa funcionaria de carreira asignada á Xefatura da Área de Contratación

A Presidencia corresponderalle á Secretaría de Goberno Local.

A Secretaría corresponderalle a un persoa funcionaria pública designada a proposta do órgano colexiado que se crea.

Consonte ao disposto no art.8 o dito órgano colexiado deberá delegar nun dos membros integrantes as facultades de xestión do SII e de tramitación de expedientes de investigación.

**Terceiro.** A asistencia ao órgano colexiado dará lugar a ás indemnizacións por asistencia a órganos colexiados reguladas no artigo 28 Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, nos termos que se determinen nas Bases de Execución do Orzamento

**Cuarto.** As actuacións de xestión das informacións do *Sistema Interno de Información do Concello de Vigo* establecerá, desde o seu mesmo inicio, as medidas preventivas precisas en materia de conflito de intereses e supostos de abstención.

O seu réxime de funcionamento será o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais normativa concordante de aplicación.

**Quinto.** O *Órgano Responsable do Sistema Interno de Información do Concello de Vigo* actuará con plena autonomía funcional e sen suxeición a orde xerárquica ningunha. Disporá de todos os medios persoais e materiais necesarios para levalas a cabo.

**Sexto.** No momento en que estean constituídos o nomeamento das persoas física ou das persoas integrantes do órgano colexiado deberán ser notificados á *Autoridad Independiente de Protección del Informante, A.A.I.*, e, de ser o caso, á autoridade ou órgano competente da Comunidade Autónoma, no ámbito das súas respectivas competencias, no prazo dos dez días hábiles seguintes. Igualmente, seralles notificado o seu cese, no mesmo prazo desde que se produza, especificando, nese caso, as razóns que o xustificaron.

**Sétimo:** Este acordo será obxecto de revisión, con ocasión dos desenvolvementos normativos no ámbito estatal ou autonómico que se produzan nesta materia.

**Oitavo:** Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal na páxina de inicio, na sección separada e facilmente accesible na que figure a información e publicidade do Sistema Interno de Información do Concello de Vigo, no Portal municipal de Transparencia, no Portal do Emprego Público e no Perfil do Contratante do Concello de Vigo, na Plataforma de Contratación do Sector Público

**Noveno:** A fin de que o órgano responsable do sistema interno de información dispoña dos medios persoais e materiais necesarios para levar a cabo as súas funcións de forma independente e autónoma dotaranse dos créditos axeitados (art. 8.4 da LPI e art. 20 da Lei 40/2015)

**Décimo.-** Contra o presente acordo, que esgota vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo máximo dun mes ante este mesmo órgano consonte ao establecido nos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, consonte ao previsto nos arts. 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ambos prazos contados a partir do día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **C) PROPOSTA DAS ACTUACIÓNS E INFORMACIÓNS PREVIAS A SEGUIR NA XESTIÓN DO “SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN”. EXPTE. 1446/1102.**

Dáse conta do informe-proposta de data 12/06/2023, asinado pola secretaria de Goberno local, o interventor xeral, o tesoureiro municipal, a titular de Asesoría Xurídica, a xefa do Servizo de Contratación, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, o xefe do Servizo de Administración Electrónica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**1** O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade, materias que foron reforzadas:

1.a Logo da aprobación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e, tal e como se pode comprobar, cos resultados obtidos nas sucesivas avaliacións efectuadas por *Transparencia Internacional España*, no *Índice de Transparencia de Ayuntamientos (ITA)*.

1.b Como consecuencia da aprobación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello





## Concello de Vigo

2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (LCSP), en especial artigos 1, 63 e 64.

1.c Como consecuencia da normativa reguladora en materia de fondos europeos, cos que o Concello de Vigo obtivo un relevante financiamento.

1.d Considerando a Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de outubro de 2019 relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión coñecida como Directiva *Whistleblowing*, aínda cando non se producira a súa adaptación.

Na execución das ditas políticas públicas, o Concello de Vigo foi adoptando diversos acordos e implementando mecanismos de distinta natureza en garantía dos dereitos da cidadanía e da boa administración e leváronse a cabo experiencias colaborativas en materia de transparencia, transformación dixital, medidas antifraude e integridade institucional.

2 Así, o Pleno acordou a incorporación do Concello á Rede de Municipios pola Transparencia e a Participación Cidadá da FEMP en sesión de data 30.03.2015

3 O Pleno adheriuse ao Código de Bo Goberno Local da FEMP en sesión de data 30.11.2015

4 A transparencia é un dos valores institucionais compartidos e un dos piares do bo goberno e Administración. O Concello sométese periodicamente ás avaliacións voluntarias realizadas por Transparencia Internacional (TI) obtendo unha alta valoración nos índices de transparencia de Concellos (ITA). Na ITA 2017 liderou a clasificación das cidades galegas cun 98,8 global sobre 100 (100 sobre 100 en contratación).

4.a Resolución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal do 17/02/2016 polo que se constituíu o Grupo Técnico de Traballo de Transparencia e Acceso á Información Pública do Concello de Vigo (expediente 66/1102) accesible en [https://hoxe.vigo.org/pdf/transparencia/acordos\\_org/gtraballo\\_transparencia.pdf](https://hoxe.vigo.org/pdf/transparencia/acordos_org/gtraballo_transparencia.pdf)

4.b Acordo da Xunta do Goberno local, en sesión de data 22/03/2018, de aprobación do “Plan de seguimento e avaliación da transparencia e o bo goberno municipal” (expediente 289/1102).

4.c Así como todos os desenvolvementos posteriores que recollen as memorias accesibles en <https://transparencia.vigo.org/>

[idt=plan\\_seguim\\_eval&lang=es#1](#)

- 5 Asemade, atendendo á Administración Electrónica, como outros dos piares do bo goberno e boa administración, a Xunta do Goberno Local en sesión do 04/11/2016, acordou o impulso da Transformación Integral de Administración Municipal coa constitución dunha Comisión Técnica do Plan (expediente 88/1102). No desenvolvemento do Plan de Transformación Integral adoptáronse diversas medidas no substancial recollidas na Memoria final (expediente 905/1102, accesible en [https://transparencia.vigo.org/?id\\_file=803&lang=es&file=](https://transparencia.vigo.org/?id_file=803&lang=es&file=)

Tamén, a partires tamén do traballo colaborativo no seo do Grupo de Traballo Sectorial da Ordenanza de Administración Electrónica, aprobouse a Ordenanza Administración Electrónica en sesión plenaria do 04/06/2021 (expediente 152/1102).

A Administración Electrónica no Concello de Vigo conta cun procedemento integramente dixital e conta co soporte da normativa técnica do Esquema Nacional de Seguridade e Interoperabilidade aprobados. Os procedementos administrativos tramítanse mediante unha aplicación de desenvolvemento propio, a “Xestión de expedientes”, e permite a interoperabilidade con outras plataformas e aplicacións oficiais doutras Administracións.

- 6 Na xestión de fondos europeos da estratexia de desenvolvemento urbano “Vigo Vertical” (EDUSI), a Xunta de Goberno Local comprometeuse cos “principios de integridade, obxectividade e honestidade” ao se adherir, en sesión do 14.06.2018 á “Declaración institucional en materia antifraude” da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios.

Na mesma sesión, aprobou o “Manual de procedementos”, creando un Comité Antifraude que avaliou riscos e propuxo medidas que foron xeneralizándose ao conxunto da contratación (expediente 3702-440).

Ente outras medidas que poden consultarse en [https://hoxe.vigo.org/conecenos/vigo\\_vertical10.php?lang=gal#/,](https://hoxe.vigo.org/conecenos/vigo_vertical10.php?lang=gal#/) como a adhesión ao canal infraude do *Servicio Nacional de Coordinación Antifraude de la Intervención General de la Administración del Estado* coa finalidade da investigación de irregularidades e casos de fraude aos intereses financeiros da Unión Europea

- 7 En materia de integridade, aprobouse o Plan de Integridade da Contratación do Concello de Vigo (expediente 439/1102), que conta cun Marco Estratéxico aprobado por acordo da Xunta do Goberno Local do 12/12/2019 e un Plan Operativo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 17/12/2019, (pois lle fora



## Concello de Vigo

encomendado no precedente acordo da Xunta do Goberno local do 12/12/2019 con delegación das competencias).

- 8 En execución do Plan de Integridade da Contratación adoptáronse diversas medidas que tamén poden consultarse no portal de transparencia ([https://transparencia.vigo.org/?idt=plan\\_integr\\_contrata&lang=ga](https://transparencia.vigo.org/?idt=plan_integr_contrata&lang=ga)) Ademais, o Plan de Integridade da contratación, tamén preveu dúas medidas que transcenden o ámbito da contratación pública e que resultan aplicables ao conxunto das materias e accións propias do Concello:

8.aA Declaración de Integridade Institucional por acordo da Xunta do Goberno local do 12/03/2021 (expediente 728/1102)

8.bA aprobación do Código de Conduta por acordo da Xunta do Goberno local do 01/04/2022 (expediente 729/1102)

- 9 Entre moitas das medidas adoptadas na súa execución, creouse a canle interna de denuncias en materia de contratación

Tal e como consta, no acordo da Xunta do Goberno local do 13/01/2022 de implantación desta canle de información (expediente 6695/241), a implantación desta canle e o seu deseño realizouse atendendo á regulación contida na Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de outubro de 2019 relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión coñecida como Directiva *Whistleblower ou Whistleblowing*.

Asemade, a xestión desta canle telemática encomendábase ao Comité de Integridade Contractual, con plena autonomía funcional e sen suxeición a orde xerárquica ningunha.

- 10 Tamén con pleno respecto a normativa reguladora da xestión de fondos europeos, aprobouse tamén o Plan de Medidas Antifraude, adoptado mediante acordo da Xunta do Goberno Local do 11/03/2022 (expediente 1185/441) relativo ao plan de medidas antifraude, do sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. O Plan de Medidas Antifraude pode consultarse en [https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr\\_antifraude.php?lang=gal#/](https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr_antifraude.php?lang=gal#/)
- 11 A estrutura do goberno municipal conta cunha Concellería que ten delegadas especificamente as competencias en materia de transparencia, bo goberno e Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS).
- 12 Publicación no Boletín Oficial do Estado do núm. 44 do 21 de febreiro de 2023, da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que

informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (LPI).

- 13** En sesión do 20/04/2023, o Comité de Integridade Contractual pon de manifesto a necesaria adaptación da canle de alertas á LPI.
- 14** Por Resolución da Alcaldía de data 17.05.2023 delegouse na Xunta de Goberno Local ao abeiro do artigo 124.ñ) e 124.5 da Lei 7/85, do de abril, a *competencia para a adopción do acordos municipais que se precisen para dar cumprimento ás obrigas respecto do “Sistema interno de información” establecidas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción”*.
- 15** En data 19.05.2023 por Resolución da Concellería delegada da área de Contratación, Seguridade e Xestión Municipal adoptouse acordo de creación dun grupo de traballo constituído polas persoas funcionarias integrantes do Comité de Integridade Contractual e pola Xefa de Recursos Humanos, que se incorporará de forma permanente para encomendarlle formalmente a elaboración da documentación e formulación de propostas ao órgano competente para dar cumprimento as obrigas establecidas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción”. Este grupo de traballo quedará extinguido ao remate da implantación do Sistema Interno de Información.
- 16** En data 25.05.2023 o grupo de traballo formulou proposta
  - Proposta técnica de aprobación da Política do Sistema Interno de Información do Concello e garantía de Protección das persoas informantes.
  - Proposta do responsable do Sistema Interno de Información
  - Proposta técnica de actuacións e informacións previas a seguir na xestión do Sistema Interno de Información.
- 17** En data 25.05.2023 e conforme o disposto no artigo 24 da Ordenanza Municipal de Administración Electrónica remitiuse trámite de audiencia ao buzón 701 Comité e Sindicatos ( documento electrónico 230148613) e 7010 SICO (documento electrónico 230148618) , 7011 UXT (documento electrónico 230148619) , 7012 CIG (documento electrónico 230148620), 7013 CCOO (documento electrónico 230148621), 7014 SSPME (documento electrónico 230148622) 7015 CUT (documento electrónico 230148623).
- 18** Na mesma data solicitouse informe ao delegado de protección de datos designado en expte 8837\_113
- 19** En data 30.05.2023 emitiuse informe do Delegado de protección de datos



## **Concello de Vigo**

- 20** En data 06.06.2023 Enrique Alonso Rodríguez E/R da sección sindical CCOO no Concello de Vigo presenta escrito de alegacións.
  
- 21** En data 9.06.2023 reuniuse o grupo de traballo aos efectos de emisión informe respecto das alegacións presentadas pola sección sindical de CCOO no concello e formular informe proposta.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### 1. Entrada en vigor da Lei 2/2023, incorporación da Directiva 2019/1937

A Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (LPI en posteriores citas), incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión (en adiante, DPI).

Ao igual que a DPI, a LPI responde á dobre finalidade de (i) protexer ás persoas que informen sobre infraccións (whistleblowers) e de (ii) velar polo cumprimento normativo, pois parte da consideración do fomento da cultura da información e do fortalecemento das infraestruturas de integridade das organizacións como mecanismos de prevención e detección de ameazas ao interese público<sup>1</sup>.

En orde a alcanzar as devanditas finalidades, a LPI determina o ámbito e as medidas de protección<sup>2</sup>; establece as vías de comunicación das que dispoñerán as persoas informantes<sup>3</sup>, contempla a necesaria protección dos datos persoais<sup>4</sup>, e pecha as súas previsións co establecemento dun réxime sancionador que tutela o sistema<sup>5</sup>.

En canto ás vías de información dos incumprimentos normativos, a LPI regula tres:

- as canles internas, “sistemas internos de xestión da información”, que todas as entidades que integran o sector público están obrigadas a establecer e, por tanto, terán competencias os tres niveles de organización territorial

- as canles externas dos que se responsabiliza, no ámbito estatal, a unha autoridade administrativa independente e, no ámbito autonómico, ás autoridades ou órganos autonómicos correspondentes (se ben, poden optar pola subscripción dun convenio coa autoridade administrativa independente estatal).

- e, finalmente, recóllese a posibilidade de acudir á revelación pública, isto é, a posta a disposición do público da información sobre infraccións normativas a través da prensa ou doutros medios de difusión.

Os sistemas internos de información configúranse como canles preferentes (art. 4

<sup>1</sup> Art. 1 LPI.

<sup>2</sup> Título I, “finalidade e ámbito de aplicación da lei”, e título VII, “medidas de protección”.

<sup>3</sup> Título II, “sistema interno de información”; título III, “canal externo de información e a *Autoridad Independiente de Protección del Informante, A.A.I.*” ou a través das autoridades e órganos autonómicos” en relación co título IV, “publicidade da información e rexistro das comunicacións” e o título VIII que regula a “*Autoridad Independiente de Protección del Informante, A.A.I.*”; e, finalmente, no título V, se ocupa brevemente da “revelación pública”.

<sup>4</sup> Título VI, “protección de datos persoais”.

<sup>5</sup> Título IX, “réxime sancionador”.



## Concello de Vigo

LPI) para que as persoas informantes comuniquen determinadas informacións relativas a infraccións normativas graves e moi graves. Desde o punto de vista subxectivo, as persoas informantes cualifícanse pola obtención da información no contexto laboral e profesional, das que se recolle un listado non exhaustivo no art. 3 LPI, e, desde o punto de vista obxectivo debe tratarse de informacións relativas a infraccións graves ou moi graves nos termos do art. 2 LPI.

### **2. Obrigatoriedade de implantación do Sistema interno de información**

Esta Lei xeneralizou a obrigatoriedade de implantación dos sistemas internos de información en todas as entidades do sector público e, por tanto, nas entidades que integran a Administración Local [art. 13.1.a) LPI]. Con todo, en atención á súa diferente dimensión, posibilitouse a súa xestión compartida pero só para municipios con menos de 10.000 habitantes (art. 14 LPI). Única e exclusivamente verbo da súa xestión instrumental o art. 15 LPI prevé a posibilidade de acudir a un terceiro externo nos supostos de insuficiencia de medios propios.

En orde a súa implantación, o art. 5.2 LPI establece nas súas letras g), h), i) e j) que o sistema interno de información debe contar coa figura de responsable do sistema, unha política que enuncie os seus principios xerais, cun procedemento de xestión das informacións recibidas, e co establecemento das garantías para a protección das persoas informantes (con respecto ás sinaladas no art. 9 LPI).

Unha vez establecida a súa obrigatoriedade para o conxunto do sector público local, a LPI establece a posibilidade de adaptación dos sistemas e canles internas de información existentes na súa disposición transitoria primeira, e uns prazos de establecemento dos sistemas internos de información francamente breves. En concreto, a súa disposición transitoria segunda, establece un prazo máximo xeneral de tres meses desde a entrada en vigor da lei. Isto sitúa a data límite no 13 de xuño de 2023; e un máis amplo, ata o 1 de decembro de 2023 para os municipios de menos de 10.000 habitantes.

Esta brevidade do prazo complica a implantación dos Sistemas Internos de Información (SII, en diante), por varias razóns:

- A aplicación da LPI require dunha análise exhaustiva por tratarse dunha novidade no ordenamento xurídico que carece dunha regulación acabada, máxime se temos en conta a parca regulación do Sistema Interno de Información no Sector Público, do capítulo III da LPI con tres preceptos; ou a mínima concreción sobre as actuacións de xestión das informacións, respecto das que unicamente se regulan os principios xerais no art. 9, de aplicación común ao sector público e privado, que contrasta coa regulación máis concreta para os supostos de información a través das canles externas, nos artigos 17 a 20 da LPI.

Así, o art. 5.2.i) en relación co art. 9.1 LPI deixa a criterio do órgano de goberno de cada entidade a determinación do procedemento de xestión das informacións recibidas, sinalando o contido mínimo e os principios reitores.

- Moitos dos contidos e requisitos de implantación do SII requiren de comunicacións e información respecto do canal externo e da *Autoridad Independiente de Protección del Informante, A.A.I. (referida en posteriores citas como AAIPi)*. En cambio, o prazo establecido para o canal externo é de seis meses (disposición transitoria segunda.3) e, en canto, á AAIPi prevé un ano para aprobación do seu Estatuto, na disposición final décima), é polo tanto, con posterioridade a que estean implantados ou adaptados os SII na Administración local.

Neste contexto normativo, o Concello de Vigo conta coa vantaxe de contar cunha canle de recepción de informacións en materia de contratación, que foi creada con atención á Directiva (UE) 2019/1937, e que conta cuns criterios de actuación aprobados con respecto aos contidos mínimos e principios establecidos pola devandita Directiva e coa redacción daquela vixente, do art. 24 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, que a Lei 2/2023 traspón. A dita Canle de Alertas leva en funcionamento máis dun ano, polo que o Concello de Vigo conta con experiencia na tramitación, sen que fose posta de manifesto, nin de forma anónima nin confidencial ningunha infracción grave nin moi grave do principio de integridade.

A adaptación da Canle de Alertas á Lei 2/2023 pasa pola redución do ámbito subxectivo que considerou o Concello de Vigo nesta primeira experiencia, e unha modificación do ámbito obxectivo, que se ampliaría a materias diferentes da contratación pero que se reduciría en relación coa gravidade das infraccións, pois, de acordo coa Lei 2/2023, unicamente as persoas informantes de infraccións graves ou moi graves estarían abeiradas nas medidas de protección e no ámbito do Sistema Interno de Información.

Con todo, compártense as mesmas dificultades derivadas da ausencia dun completo desenvolvemento normativo e sen poder adiantar a regulación autonómica ou a concreción posterior que se realizará da LPI no ámbito estatal ou o ditado de instrucións ou recomendacións que, con probabilidade, se sucederán no futuro. Polo que, semella máis prudente, dar cumprimento á obriga municipal de implantación dunha canle interna ou no caso de Vigo, máis ben, adaptación da preexistente, neste breve prazo de tres meses, prevendo a súa revisión no momento en que se produzan os devanditos desenvolvementos normativos coa dotación dunha regulación máis acabada.

### **3. O “procedemento” de xestión das informacións recibidas**

Os arts. 5 a 9 da LPI, que son de aplicación común ao sector privado e público,





## Concello de Vigo

conteñen o contido mínimo do procedemento no art. 9 da LPI. Para o sector público recóllese algunha especialidade no art. 13.4 e 13.5, así como a posibilidade de externalizar nun terceiro no art. 15.

O emprego do termo “procedemento” en termos diferentes do seu significado xurídico administrativo, resulta da ausencia dunha regulación especial dos seus contidos mínimos e principios para o sector público, pois o art. 9 da LPI é de aplicación ás entidades privadas e públicas. Este emprego xenérico do termo procedemento advírtese, mesmo, na escasísima regulación específica para o sector público do art. 15 LPI que establece a posibilidade da xestión do Sistema interno de información por un terceiro externo refírese a posibilidade de externalizar “o procedemento para a recepción das informacións sobre infraccións” o que, como é sabido, non sería posible se estivese a referirse ao termo procedemento en sentido estrito, por estar reservado á función pública.

A tramitación das actuacións no Sistema interno de información non da lugar a ningunha resolución administrativa no eido do devandito Sistema, para a que só terían competencia os órganos de goberno municipal, previa a tramitación do procedemento que lle corresponda ás infraccións graves ou moi graves detectadas, de acordo coa regulación da Lei 7/1985, do 2 de abril, do reguladora das bases do réxime local e da Lei 39/2015 e 40/2015, ambas do 1 de outubro. Así resulta dos seguintes preceptos:

- O art. 13.4 segundo parágrafo, situado nun dos tres preceptos de aplicación aos sistemas internos de información do sector público, tampouco prevé a finalización das actuación mediante o ditado de resolución ningunha, senón que alude a “resultado da comprobación” e a “datos e informes que figuren no expediente”, de xeito que, se algún deles teñen carácter reservado ou confidencial de acordo con algunha disposición con rango de lei, o contido do resultado que se traslade ao informante terá carácter xenérico.
- O art. 13.5 LPI alude a que as “decisións” adoptadas polos organismos públicos con funcións de comprobación ou investigación en relación coas informacións non serán recorribles en vía administrativa nin en vía contencioso-administrativa. O que xa determina que non nos atopamos ante ningunha resolución administrativa que, en todo caso, serían recorribles, cando menos, como acto de trámite cualificado, senón ante un informe, tal e como con maior corrección técnica se expresa para os supostos da canle externa. Máxime se temos en conta que non se produciu ningunha modificación da Lei 39/2015 pola LPI e o contido do disposto nos arts. 24, 103 e 106 da Constitución, sen que caiba entender a existencia de ningún espazo decisorio (en sentido estrito) das Administracións públicas sen dereito a recurso e exento do control xudicial da legalidade.
- En efecto, esta é a interpretación coherente coa regulación da canle externa,

que confirma o art. 20 LPI que aclara que a terminación das actuacións terminará coa “emisión dun informe”, de xeito que as “actuacións non serán recorribles en vía administrativa nin na vía contencioso administrativa, sen prexuízo do recurso administrativo ou contencioso administrativo que puidese interpoñerse fronte á eventual resolución que poña fin ao procedemento sancionador que puidese incoarse con ocasión dos feitos relatados”. E tamén aclara que “a presentación dunha comunicación polo informante non lle confire, por si soa, a condición de interesado”.

- As informacións incluídas no ámbito obxectivo dos Sistemas internos de información son precisamente ás relativas a infraccións, que esixen a atribución da potestade sancionadora e ao seguimento dun procedemento especial con separación de fases instrutora e decisoria que non compete á figura de Responsable do Sistema interno de información en ningunha das súas fases.
- O art. 62 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non foi modificada, a recepción de informacións anónimas que se rexe polos mesmos contidos mínimos e principios respecto das actuacións no Sistema Interno de Información, ofrecen información, como *notitia criminis* que obriga a comprobar se as accións sobre as que se informa puidesen incorrer nun suposto de incumprimento normativo, e serán esas actuacións comprobatorias as que darían lugar a unha posible incoación de oficio dun procedemento sancionador ou dun procedemento de restablecemento da legalidade incumplida, pero en ningún caso poden dar lugar ao inicio dun procedemento en sentido estrito.
- De acordo, co disposto no art. 9.2.j) da LPI nos casos de indicios de ilícito penal, as actuacións consistirán na remisión da información ao Ministerio Fiscal ou á Fiscalía Europea, en caso de afectación de intereses financeiros da Unión.

En consecuencia, as actuacións propias no ámbito do Sistema interno de información, consisten na recepción das informacións recibidas para a súa comprobación e posterior remisión aos órganos con competencia para a incoación do procedemento sancionador ou de restablecemento da legalidade causada pola infracción, con respecto das competencias atribuídas legalmente aos órganos locais, autonómicos, estatais correspondentes e tamén coas garantías das persoas que neses concretos procedementos xa terán a condición de interesadas cos dereitos, cargas e obrigas que a normativa especial aplicable regule.

Neste sentido, como sinala Míguez Macho, L. (2023, El Consultor de los Ayuntamientos, num. II, abril), aínda que se empregue o termo de “procedemento”, non se trata propiamente dun procedemento administrativo dos regulados pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das



## Concello de Vigo

administracións públicas, xa que non remata coa adopción dun acto administrativo de carácter resolutorio que poida ser recorrido. Estas actuacións teñen a natureza xurídica de “información e actuacións previas” reguladas no art. 55 da Lei 39/2015, “co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto e a conveniencia ou non de iniciar o procedemento”.

En consecuencia resultan de aplicación tanto as disposicións recollidas na LPI como as establecidas no art. 55 da Lei 39/2015 e demais normativa concordante, que se sistematizan no presente acordo, para facilitar a súa comprensión e coñecemento e facilitar a accesibilidade ás posibles persoas informantes. Sen prexuízo de que, unha vez que esta lei goce dun completo desenvolvemento normativo, o Concello de Vigo conte coa experiencia da súa aplicación, o Estado desenvolva as previsións relativas á Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., e esta dite Recomendacións e Circulares, implante dita autoridade e a Comunidade Autónoma opte por asinar o convenio previsto na disposición adicional segunda da LPI ou implante o seu propio sistema, poida resultar convinte a regulación mediante unha disposición de carácter xeral no ámbito desta Administración municipal.

### **4. Contidos mínimos e regras e principios que deben seguirse na xestión das informacións recibidas no Sistema interno de información**

**4.1. Recepción de informacións.** Recóllense no art. 7 LPI nos seguintes termos:

*“Canal interno de información.*

*1. Todo canal interno de información de que disponga una entidad para posibilitar la presentación de información respecto de las infracciones previstas en el artículo 2 estará integrado dentro del Sistema interno de información a que se refiere el artículo 5.*

*2. El canal interno deberá permitir realizar comunicaciones por escrito o verbalmente, o de las dos formas. La información se podrá realizar bien por escrito, a través de correo postal o a través de cualquier medio electrónico habilitado al efecto, o verbalmente, por vía telefónica o a través de sistema de mensajería de voz. A solicitud del informante, también podrá presentarse mediante una reunión presencial dentro del plazo máximo de siete días.*

*En su caso, se advertirá al informante de que la comunicación será grabada y se le informará del tratamiento de sus datos de acuerdo a lo que establece el Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016.*

*Además, a quienes realicen la comunicación a través de canales internos se les informará, de forma clara y accesible, sobre los canales externos de*

*información ante las autoridades competentes y, en su caso, ante las instituciones, órganos u organismos de la Unión Europea.*

*Al hacer la comunicación, el informante podrá indicar un domicilio, correo electrónico o lugar seguro a efectos de recibir las notificaciones.*

*Las comunicaciones verbales, incluidas las realizadas a través de reunión presencial, telefónicamente o mediante sistema de mensajería de voz, deberán documentarse de alguna de las maneras siguientes, previo consentimiento del informante:*

*a) mediante una grabación de la conversación en un formato seguro, duradero y accesible, o*

*b) a través de una transcripción completa y exacta de la conversación realizada por el personal responsable de tratarla.*

*Sin perjuicio de los derechos que le corresponden de acuerdo a la normativa sobre protección de datos, se ofrecerá al informante la oportunidad de comprobar, rectificar y aceptar mediante su firma la transcripción de la conversación.*

*3. Los canales internos de información permitirán incluso la presentación y posterior tramitación de comunicaciones anónimas.*

*4. Los canales internos de información podrán estar habilitados por la entidad que los gestione para la recepción de cualesquiera otras comunicaciones o informaciones fuera del ámbito establecido en el artículo 2, si bien dichas comunicaciones y sus remitentes quedarán fuera del ámbito de protección dispensado por la misma”.*

**4.2. Contidos e principios.** Tal e como establece o art. 9.2 da LPI as actuacións de xestión das informacións responderán ao seguinte contido mínimo e principios xerais:

*“a) Identificación del canal o canales internos de información a los que se asocian.*

*b) Inclusión de información clara y accesible sobre los canales externos de información ante las autoridades competentes y, en su caso, ante las instituciones, órganos u organismos de la Unión Europea.*

*c) Envío de acuse de recibo de la comunicación al informante, en el plazo de siete días naturales siguientes a su recepción, salvo que ello pueda poner en peligro la confidencialidad de la comunicación.*



## Concello de Vigo

d) *Determinación del plazo máximo para dar respuesta a las actuaciones de investigación, que no podrá ser superior a tres meses a contar desde la recepción de la comunicación o, si no se remitió un acuse de recibo al informante, a tres meses a partir del vencimiento del plazo de siete días después de efectuarse la comunicación, salvo casos de especial complejidad que requieran una ampliación del plazo, en cuyo caso, este podrá extenderse hasta un máximo de otros tres meses adicionales.*

e) *Previsión de la posibilidad de mantener la comunicación con el informante y, si se considera necesario, de solicitar a la persona informante información adicional.*

f) *Establecimiento del derecho de la persona afectada a que se le informe de las acciones u omisiones que se le atribuyen, y a ser oída en cualquier momento. Dicha comunicación tendrá lugar en el tiempo y forma que se considere adecuado para garantizar el buen fin de la investigación.*

g) *Garantía de la confidencialidad cuando la comunicación sea remitida por canales de denuncia que no sean los establecidos o a miembros del personal no responsable de su tratamiento, al que se habrá formado en esta materia y advertido de la tipificación como infracción muy grave de su quebranto y, asimismo, el establecimiento de la obligación del receptor de la comunicación de remitirla inmediatamente al Responsable del Sistema.*

h) *Exigencia del respeto a la presunción de inocencia y al honor de las personas afectadas.*

i) *Respeto de las disposiciones sobre protección de datos personales de acuerdo a lo previsto en el título VI.*

j) *Remisión de la información al Ministerio Fiscal con carácter inmediato cuando los hechos pudieran ser indiciariamente constitutivos de delito. En el caso de que los hechos afecten a los intereses financieros de la Unión Europea, se remitirá a la Fiscalía Europea”.*

### **4.3. De conformidad co art. 13 apartados 4 e 5 LPI:**

*“4. En caso de que un organismo público con competencias en materia de investigación reciba informaciones referentes a los incumplimientos de terceros en el plazo de duración establecido en la letra d) del artículo 9.2, se resolverá si procede o no iniciar una comprobación o investigación del sujeto afectado dando traslado de ello al informante.*

*Una vez ultimado el procedimiento de comprobación o investigación, se comunicará al informante el resultado de la comprobación. Si los datos e*

*informes que figuran en el expediente tienen carácter reservado o confidencial de acuerdo con alguna disposición con rango de ley, el contenido del resultado que se traslade al informante tendrá carácter genérico.*

*5. Las decisiones adoptadas por los organismos públicos con funciones de comprobación o investigación en relación con las informaciones no serán recurribles en vía administrativa ni en vía contencioso-administrativa”.*

**4.4. Orientación das informacións e actuacións previas sobre as informacións recibidas no Sistema interno de información.** Haberá que atender ao disposto no art. 55 da Lei 39/2015, do 1 de outubro:

*“Información y actuaciones previas.*

*1. Con anterioridad al inicio del procedimiento, el órgano competente podrá abrir un período de información o actuaciones previas con el fin de conocer las circunstancias del caso concreto y la conveniencia o no de iniciar el procedimiento.*

*2. En el caso de procedimientos de naturaleza sancionadora las actuaciones previas se orientarán a determinar, con la mayor precisión posible, los hechos susceptibles de motivar la incoación del procedimiento, la identificación de la persona o personas que pudieran resultar responsables y las circunstancias relevantes que concurran en unos y otros.*

*Las actuaciones previas serán realizadas por los órganos que tengan atribuidas funciones de investigación, averiguación e inspección en la materia y, en defecto de éstos, por la persona u órgano administrativo que se determine por el órgano competente para la iniciación o resolución del procedimiento”.*

**4.4. Libro-rexistro.** De conformidade, co disposto no art. 27.1 da LPI, as informacións recibidas e as investigacións internas ás que deseen lugar recolleranse no libro-rexistro do Sistema interno de información, garantindo os requisitos de confidencialidade previstos na Lei.

**4.6. Criterios interpretativos.** Para a correcta interpretación dos precedente preceptos, atenderase á regulación contida nos arts. 18, 19 e 20 LPI e pola DPI.

**5. Protección de datos persoais.** A licitude do tratamento consonte ao art. 30.2 da LPI resulta da obrigatoriedade para esta Administración establecida no art. 13 LPI. En todo caso deben garantirase a protección de datos persoais, consonte ao réxime xurídico aplicable recollido no art. 29 LPI, e de conformidade coa regulación prevista



## Concello de Vigo

no art. 26.2 e no título VI da LPI.

De acordo coas recomendacións avanzadas polo DPD do Concello de Vigo, teñen que considerarse os seguintes aspectos:

**Réxime xurídico:** Todos os tratamentos derivados da aplicación desta lei teñen como réxime xurídico o disposto na normativa de protección de datos (RGPD, LOPDGDD e O 7/2021)

**Licitude no tratamento:** O tratamento de datos persoais realízase en cumprimento dunha obriga legal, como dispoñen os artigos 30.2 e 13 da LPI. Ademais, debe terse en conta a Lei Orgánica 7/2021, do 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais e de execución de sancións penais.

Cando o tratamento sexa necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, estará lexitimado en base o artigo 6.1,e) do RGPD.

O tratamento de datos de categoría especial por razóns dun interese público esencial poderase realizar conforme ao previsto no artigo 9.2.g) RGPD.

Nos casos en que a comunicación ou denuncia se realice de maneira anónima, non será posible identificar á persoa informante, polo que non será aplicable a normativa de protección de datos persoais, sen prexuízo de que deban adoptarse medidas de garantía da confidencialidade previstas nas normas.

No caso de que se omitan datos identificativos non implica que se trate de información anónima cando se poida obter a súa identidade de maneira indirecta.

Por outro lado, a comunicación poderá levar consigo datos persoais correspondentes a terceiras persoas, como o presunto infractor ou terceiros que tiveran coñecemento, polo que deberá prestarse atención ás obrigas de datos persoais aínda que a comunicación realícese de forma anónima.

### **Información do tratamento e dereitos da persoa informante e da persoa a que se refire a información:**

- Persoa informante: cando os datos obtéñanse do interesado informarase conforme ao artigo 13 RGPD, informaráselles, ademais, de forma expresa, de que a súa identidade será en todo caso reservada, que non se comunicará ás persoas ás que se refiren os feitos relatados nin a terceiros. Poderán exercer os dereitos contidos do art. 15 ao 22 RGPD.

- Persoa á que se refire a información: se exerce o seu dereito de oposición, presumírase que, salvo proba en contrario, existen motivos lexítimos imperiosos que

lexitiman o tratamento dos seus datos persoais.”

## **6. Publicidade.**

De conformidade co art. 25 LPI:

*“Los sujetos comprendidos dentro del ámbito de aplicación de esta ley proporcionarán la información adecuada de forma clara y fácilmente accesible, sobre el uso de todo canal interno de información que hayan implantado, así como sobre los principios esenciales del procedimiento de gestión. En caso de contar con una página web, dicha información deberá constar en la página de inicio, en una sección separada y fácilmente identificable”.*

Igualmente, ao tratarse dun instrumento de rendición de contas e de relevancia xurídico institucional, debe ser obxecto de publicación no Portal de Transparencia, consonte á Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Asemade, tendo en conta que o ámbito de aplicación do SII ven determinado subxectivamente polo contexto laboral ou profesional no que se reciban as informacións e que obxectivamente unha das materias abrangidas é a da contratación pública, resulta conveniente a súa publicación no Portal do Emprego Público do Concello de Vigo e no perfil do contratante.

Finalmente, o carácter xeral do acordo e o art. 15.3 da Lei 40/2015, determinan a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

## **7. Competencia.**

O art. 5.1 e o art. 9.1 da LPI establecen atribúen a competencia ao órgano de goberno da entidade, sen atribución específica a ningún órgano municipal, polo que consonte ao art. 124.4.º da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, concorre o suposto de competencia residual da Alcaldía. A competencia corresponde á Xunta do Goberno local, en virtude da delegación acordada por Resolución da Alcaldía de data 17.05.2023.

Por outra banda, atendendo á natureza xurídica da xestión das informacións do Sistema interno de información, como se explicou nos anteriores fundamentos xurídicos, é a propia informacións ou actuacións previas ao inicio dun procedemento, art. 55 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, que establece no seu apartado segundo: *“las actuaciones previas serán realizadas por los órganos que tengan atribuidas funciones de investigación, averiguación e inspección en la materia y, en defecto de*





## Concello de Vigo

*éstos, por la persona u órgano administrativo que se determine por el órgano competente para la iniciación o resolución del procedimiento*". E tratándose de informacións relativas a infraccións graves ou moi graves, cómpre ter en conta tamén o título competencial xeral respecto da potestade sancionadora que se atribúe á Xunta de Goberno local no art. 127.1.I da Lei 7/1985, do 2 de abril.

### **8. Recursos.**

O réxime de recursos é o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións público, en relación coa Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases réxime local, e Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

### **9.- Da alegacións presentadas pola sección sindical de CCOO en trámite de consulta.-**

#### 9.1.- A sección sindical aclaración da natureza do documento administrativo remitido no trámite de consulta

O Comité Técnico de Integridade en sesión de data 20.04.2023 acordou que trala publicación da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (LPI) deberase proceder a:

- a) A aprobación dunha política ou estratexia do sistema, que enuncie os principios xerais e defensa da persoa informante e estableza as garantías necesarias para a protección das persoas informantes no ámbito da organización. Dita política do sistema ten que ser debidamente publicitada no seo da organización.
- b) Adaptación do canal de alertas á LPI conforme o disposto na DT 1a de dita Lei
- c) A designación de responsable do sistema, que se comunicará á AAIFI.
- d) A formación das persoas empregadas públicas

Por Resolución da concelleira delegada en materia de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 19.05.2023 adoptouse a acordo de creación dun grupo de traballo constituído polas persoas funcionarias integrantes do Comité de Integridade Contractual e pola Xefa de Recursos Humanos, que se incorporará de forma permanente para encomendarlle formalmente a elaboración da documentación e formulación de propostas ao órgano competente para dar cumprimento as obrigas establecidas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción". Este grupo de traballo quedará extinguido ao remate da implantación do Sistema Interno de Información.

Neste senso o grupo de traballo formulou as seguintes propostas técnicas para someter a consulta coa representación legal das persoas traballadoras con carácter

previo á súa aprobación conforme o disposto no art. 5.1 LPI dos seguintes documentos

1.- Proposta técnica de aprobación da Política do Sistema Interno de Información do Concello e garantía de protección das persoas informantes.

2.- Proposta do responsable do Sistema Interno de Información

3.- Proposta técnica de actuacións e informacións previas a seguir na xestión do Sistema Interno de Información.

O artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común determina que *"1. Instruídos os procedementos, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poranse de manifesto aos interesados ou, se for o caso, aos seus representantes, para o cal se terán en conta as limitacións previstas, se for o caso, na Lei 19/2013, do 9 de decembro."*

Os documentos remitidos constitúen propostas técnicas elaborada polo grupo de traballo designado para dar cumprimento as obrigas establecidas na LIP e que, con carácter previa a súa aprobación polo órgano competente, someteuse a consulta da representación sindical conforme o art. 5.1 da LPI en relación co artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común determina que *"1. Instruídos os procedementos, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poranse de manifesto aos interesados ou, se for o caso, aos seus representantes, para o cal se terán en conta as limitacións previstas, se for o caso, na Lei 19/2013, do 9 de decembro."*

Así mesmo cómpre sinalar que a Concelleira de Seguridade, Contratación e Seguridade, en virtude a Resolución da Alcaldía de data 6.09.2022 ten atribuída as funcións de interlocución como representante do Goberno Municipal nas relacións cos órganos de representación sindical dos empregados públicos municipais, desenvolvendo a política municipal nesta materia. De este xeito, seguiu o criterio de actuación da administración en expedientes (expte 41702-220, 39599-220)

9.2.A sección sindical do CCOO considera que a natureza xurídica do documento deber ser unha ordenanza ou regulamento en base ao disposto no artigo 9 da LPI que sinala " 1. O órgano de administración ou órgano de goberno de cada entidade ou organismo obrigado por esta lei aprobará o procedemento de xestión de informacións."

Neste punto cómpre sinalar que a LPI non determina, nin siquiera no tres artigos (13 a 15) que dedica de forma específica aos Sistemas Internos de Información no Sector público, que a implantación/adaptación de ditas sistemas deba realizarse a través da aprobación dun regulamento. En contraposición, e, en relación as alegación formuladas, a LRBR especifica no artigo 123. 3 que o pleno dotarase do seu propio



## Concello de Vigo

regulamento, que terá a natureza de orgánico e respecto a Ordenanza de Administración Electrónica a LPAC establece a obriga, de dispoñer dunha norma regulamentaria no seguinte: ampliar os suxeitos obrigados a relacionarse electronicamente coa administración (art. 14.3), establecer a obriga de presentar determinados documentos por medios electrónicos para certos procedementos e colectivos de persoas físicas (art. 16.5); establecer a obriga de practicar electronicamente as notificacións para determinados procedementos e para certos colectivos de persoas físicas (art. 41.1); disposicións de creación dos rexistros electrónicos. (art. 16.1)

As actuacións propias no ámbito do Sistema interno de información, consisten na recepción das informacións recibidas para a súa comprobación e posterior remisión aos órganos con competencia para a incoación do procedemento sancionador ou de restablecemento da legalidade causada pola infracción, con total respecto das competencias atribuídas legalmente aos órganos locais, autonómicos, estatais correspondentes e tamén coas garantías das persoas que neses concretos procedementos xa terán a condición de interesadas cos dereitos, cargas e deberes que a normativa especial aplicable regule.

Cómpre salientar que as “actuacións e informacións previas” teñen a natureza xurídica de “información e actuacións previas” segundo o establecido no art. 55 da LPAC, e non dá lugar a ningunha resolución, (artigo 13.4 da LPI), para a que só terían competencia os órganos de goberno municipal, previa a tramitación do procedemento sancionador que lles correspondese ás infraccións graves ou moi graves detectadas, de acordo con a regulación da Lei 7/1985, do 2 de abril, do reguladora das bases do réxime local e da Lei 39/2015 e 40/2015, ambas as do 1 de outubro. Neste punto cómpre sinalar

- O artigo 13.5 LPI alude a que as “decisións” adoptadas polos organismos públicos con funcións de comprobación ou investigación en relación coas informacións non serán recurribles en vía administrativa nin en vía contencioso-administrativa. Neste senso o artigo 112.1 da LPAC, respecto aos recursos administrativos, determina que *“Contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, os interesados poderán interpor os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta lei.”*
- O artigo 9.2.j) da LPI nos casos de indicios de ilícito penal, as actuacións consistirán na remisión da información ao Ministerio Fiscal ou Fiscalía Europea, en caso de afectación de intereses financeiros da Unión. Por tanto, a actuación nestes casos carece de ningunha outra tramitación.

- Respecto a regulación da canle externa, o art. 20 LPI aclara que a terminación das actuacións terminará coa “emisión dun informe”, de maneira que as *“actuacións non serán recurribles en vía administrativa nin na vía contencioso administrativa, en prexuízo do recurso administrativo ou contencioso administrativo que puidese interpoñerse fronte á eventual resolución que poña fin ao procedemento sancionador que puidese incoarse con ocasión dos feitos relatados”*. E tamén aclara o artigo 20.5 da LPI que *“a presentación dunha comunicación polo informante non lle confire, por si soa, a condición de interesado”*.

Neste sentido, como sinala Míguez Macho, L. (2023, El Consultor de los Ayuntamientos, num. II, abril), aínda que se empregue o termo de “procedemento”, non se trata propiamente dun procedemento administrativo dos regulados pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, xa que non remata coa adopción dun acto administrativo de carácter resolutorio que poida ser recorrido. Estas actuacións teñen a natureza xurídica de “información e actuacións previas” reguladas no art. 55 da Lei 39/2015, “co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto e a conveniencia ou non de iniciar o procedemento”.

Así mesmo cómpre sinalar que o prazo de tres meses é inviable para a tramitación dun regulamento. A aplicación da LPI require dunha análise exhaustiva por tratarse dunha novidade no ordenamento xurídico que carece dunha regulación acabada. Moitos dos contidos e requisitos de implantación do Sistema Interno de Información requiren de comunicacións e información respecto da canle externa e da Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I. En cambio, o prazo establecido para a canle externa é de seis meses (disposición transitoria segunda.3) e, en canto, a AAIPi prevé un ano para aprobación do seu Estatuto, na disposición final décima), é por tanto, con posterioridade a que estean implantados ou adaptados os SII na Administración local. Neste momento as entidades locais regularían coa dificultade de regular sen poder adiantar a regulación autonómica ou a concreción posterior que se realizará da Lei 2/2023 no ámbito estatal ou o ditado de instrucións ou recomendacións que, con probabilidade, sucederanse no futuro.

En base ás razóns expostas, pode concluírse que non é imprescindible a aprobación dun regulamento, sen prexuízo de que, unha vez que a Lei 2/2023, fose obxecto de desenvolvementos normativos autonómicos ou estatais, ou que o Estado desenvolva as previsións relativas á Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., e esta dite Recomendacións e Circulares, e as entidades locais contén cunha maior experiencia no desenvolvemento dos seus Sistemas Internos de Información poida ser conveniente a súa regulación mediante unha disposición de carácter xeral no ámbito da Administración municipal.

Por último indicar que a representación sindical de CCOO non formula ningunha



## Concello de Vigo

proposta de mellora as propostas técnicas formuladas polo grupo de valoración.

E por isto polo que os membros do grupo de traballo acordan elevar a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**Primeira.** A fin de dar cumprimento ao disposto no art. 5.2.i) da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, as **ACTUACIÓNS E INFORMACIÓNS PREVIAS A SEGUIR NA XESTIÓN DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN**, de conformidade coa fundamentación xurídica recollida na parte expositiva do presente acordo, serán as seguintes:

#### **1 Presentación e recepción das informacións**

##### **1.1 Formas de presentación**

As comunicacións poderán realizarse por escrito ou verbalmente, ou das dúas formas. Asemade, poderán presentarse comunicacións anónimas.

- a) A información poderase presentar por escrito, a través de correo postal ou a través de canle electrónica específica de participación habilitada na sede electrónica da Administración municipal. Esta canle electrónica facilitará un código único á persoa informante que, sempre e cando o conserve, permitirá manter a comunicación entre a persoa informante e o Sistema interno de información.
- b) A información tamén se poderá facilitar verbalmente, por vía telefónica ou a través de sistema de mensaxería de voz.
- c) A persoa informante tamén poderá solicitar unha reunión presencial para facilitar a información, que se fixará dentro do prazo máximo de sete días desde a súa solicitude.

##### **1.2 Documentación das informacións verbais**

As comunicacións verbais, incluídas as realizadas a través de reunión presencial, telefonicamente ou mediante sistema de mensaxería de voz, deberán documentarse dalgunha das maneiras seguintes, previo consentimento do informante:

- a) mediante unha gravación da conversación nun formato seguro, duradeiro e accesible; de ser o caso, advertirase ao informante de que a comunicación será gravada e informaráselle do tratamento dos seus datos de acordo ao que establece o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento

Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

b) A través dunha transcripción completa e exacta da conversación realizada polo persoal responsable de tratala.

Sen prexuízo dos dereitos que lle corresponden de acordo á normativa sobre protección de datos, ofrecerase á persoa informante a oportunidade de comprobar, rectificar e aceptar mediante a súa firma a transcripción da conversan.

### **1.3 Indicación para os efectos de recepción de notificacións**

Ao facer a comunicación, o informante poderá indicar un domicilio, correo electrónico ou lugar seguro a efectos de recibir as notificacións. Así mesmo, en calquera momento poderá renunciar expresamente á recepción de calquera comunicación respecto das actuacións realizadas como consecuencia da información presentada.

## **2 Información sobre outras canles**

Ademais, a quen realice a comunicación a través de canles internos informaráselles, de forma clara e accesible, sobre as canles externas de información ante as autoridades competentes e, de ser o seu caso, ante as institucións, órganos ou organismos da Unión Europea. O anterior, unha vez estean implantadas as devanditas canles externas.

## **3 Acuse de recepción das información presentadas**

Unha vez presentada a información, no prazo de sete días naturais seguintes á súa recepción, enviarase á persoa informante o acuse de recibo da comunicación, salvo que iso poida poñer en perigo a confidencialidade da comunicación.

## **4 As actuacións de comprobación das informacións presentadas**

### **4.1 Orientación das información e actuacións previas de comprobación das información presentadas**

Logo de constatar que as información presentadas se atopan no ámbito obxectivo e subxectivo establecidos nos arts. 2 e 3 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, as actuacións previas de comprobación orientaranse a determinar, a verosimilitude dos feitos sobre os que versa a información, se son susceptibles de motivar a incoación dun procedemento, a identificación da persoa ou persoas que puidesen resultar responsables e as demais circunstancias que resulten relevantes respecto dos feitos e das persoas que puidesen resultar responsables.



## Concello de Vigo

### **4.2 Remisión á Fiscalía se os feitos puidesen ser indiciariaente constitutivos de delito**

Cando os feitos puidesen ser indiciariamente constitutivos de delito remitirase a información ao Ministerio Fiscal con carácter inmediato cando. No caso de que os feitos afecten os intereses financeiros da Unión Europea, remitirase á Fiscalía Europea.

### **4.3 Comunicación coas persoas informantes**

No desenvolvemento das actuacións de comprobación poderase manter a comunicación coa persoa informante e, se se considera necesario, de solicitalle información adicional. No caso de denuncias anónimas, esta comunicación será posible, naquelas que se presentasen pola canle interna habilitada na sede electrónica e a persoa informante conserve un código único que lle será facilitado no momento de efectuar a comunicación.

### **4.4 Participación e dereitos das persoas afectadas pola información**

No transcurso da realización das actuacións de comprobación das información presentadas, informarase ás persoas afectadas polas informacións, das accións ou omisións que se lle atribúen, e do seu dereito a ser oída en calquera momento. Dita comunicación terá lugar no tempo e forma que se considere adecuado para garantir o bo fin da investigación.

No desenvolvemento das actuacións de comprobación se respectarán escrupulosamente os dereitos de presunción de inocencia e á honra das persoas afectadas polas información presentadas

## **5 Confidencialidade e Protección de datos persoais**

Asemade, respectaranse as o das disposicións sobre protección de datos persoais de acordo ao previsto no título VI, así como no documento da Política do Sistema Interno de Información e de Garantías de Protección das Persoas Informantes do Concello de Vigo.

### **5.1. Réxime xurídico do tratamento de datos persoais no Sistema interno de información**

Os tratamentos de datos persoais que deriven da aplicación desta lei rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, na Lei Orgánica 7/2021, do 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e axuízamento de

infraccións penais e de execución de sancións penais, e no presente título.

Non se recompilarán datos persoais cuxa pertinencia non resulte manifesta para tratar unha información específica ou, se se recompilan por accidente, eliminaranse sen dilación indebida.

## **5.2. Licitude dos tratamentos de datos persoais no Sistema interno de información municipal**

Conforme ao previsto no art. 30 en relación co art. 13 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, os tratamentos de datos necesarios para a aplicación da lei e o funcionamento do Sistema interno de información do Concello enténdense lícitos, ao ser de implantación obrigatoria, en virtude do establecido nos artigos 6.1.c) do REPD, art. 8 da LOPD e art. 11 da Lei Orgánica 7/2021, do 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e axuizamento de infraccións penais e de execución de sancións penais.

## **5.3. Información sobre protección de datos persoais e exercicio de dereitos**

Respectaranse os dereitos de información recollidos no art. 31 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro:

a. Cando se obteñan directamente dos interesados os seus datos persoais facilitaráselles a información a que se refiren os artigos 13 do REPD e 11 da LOPD

As persoas informantes informaráselles, ademais, de forma expresa, de que a súa identidade será en todo caso reservada, que non se comunicará ás persoas ás que se refiren os feitos relatados nin a terceiros.

b. A persoa afectada polas informacións non será en ningún caso informada da identidade da persoa informante.

c. Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, á limitación do tratamento, portabilidade, oposición e relativo a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas a que se refiren os artigos 15 a 22 do REPD.

d. No caso de que a persoa afectada polas informacións exercese o dereito de oposición, presumirase que, salvo proba en contrario, existen motivos lexítimos imperiosos que lexitiman o tratamento dos seus datos persoais.





## Concello de Vigo

### **5.4. Tratamento de datos persoais no Sistema interno de información**

O tratamento dos datos persoais contidos no sistema desenvolverase conforme ao establecido no art. 32 2/2023, do 20 de febreiro.

#### a. Limitación do acceso aos datos persoais do Sistema interno

O acceso aos datos persoais contidos no Sistema interno de información quedará limitado, dentro do ámbito das súas competencias e funcións, exclusivamente á persoa ou órgano Responsable do Sistema e a quen o xestione directamente, á responsable ou o órgano competente para a tramitación do procedemento de adopción de medidas disciplinarias ou sancionadoras correspondentes, á persoa responsable dos servizos xurídicos da entidade ou organismo, encargada da adopción de medidas legais en relación cos feitos relatados na comunicación, ás que teñan consideración de encargados do tratamento que eventualmente se designen.

En todo caso, para o exercicio das súas funcións, á persoa designada como Delegado de protección de datos.

#### b. Licidade do tratamento para a adopción de medidas correctoras

Será lícito o tratamento dos datos por outras persoas, ou mesmo a súa comunicación a terceiros, cando resulte necesario para a adopción de medidas correctoras na entidade ou a tramitación dos procedementos sancionadores ou penais que, no seu caso, procedan.

#### d. Supresión e conservación de datos

En ningún caso serán obxecto de tratamento os datos persoais que non sexan necesarios para o coñecemento e investigación das accións ou omisións que poidan constituír infraccións incluídas no ámbito material de aplicación da LPI, procedéndose, no seu caso, á súa inmediata supresión. Así mesmo, suprimiranse todos aqueles datos persoais que se poidan comunicar e que se refiran a condutas que non estean incluídas no ámbito de aplicación da lei.

Se a información recibida contivese datos persoais incluídos dentro das categorías especiais de datos, procederase á súa inmediata supresión, sen que se proceda ao rexistro e tratamento dos mesmos.

Os datos que sexan obxecto de tratamento poderán conservarse no sistema de informacións unicamente durante o tempo imprescindible para decidir sobre a procedencia de iniciar unha investigación sobre os feitos informados.

Se se acreditase que a información facilitada ou parte dela non é veraz, deberá procederse á súa inmediata supresión desde o momento en que se

teña constancia da devandita circunstancia, salvo que dita falta de veracidade poida constituír un ilícito penal, nese caso gardarase a información polo tempo necesario durante o que se tramite o procedemento xudicial.

En todo caso, transcorridos tres meses desde a recepción da comunicación sen que se iniciaron actuacións de investigación, deberá procederse á súa supresión, salvo que a finalidade da conservación sexa deixar evidencia do funcionamento do sistema. As comunicacións ás que non se deu curso soamente poderán constar de forma anonimizada, sen que sexa de aplicación a obrigaón de bloqueo prevista no artigo 32 da Lei Orgánica de Protección de Datos.

d. As persoas empregadas públicas e terceiros deberán ser informados achega do tratamento de datos persoais no marco dos Sistemas de información.

### **5.5. Preservación da identidade das persoas informantes e das persoas afectadas polas informacións**

As persoas informantes teñen dereito a que a súa identidade non sexa revelada a terceiras persoas, nos termos establecidos no art. 33 Lei 2/2023, do 20 de febreiro.

O Sistema interno de información non obterán datos que permitan a identificación da persoa informante e contará con medidas técnicas e organizativas adecuadas para preservar a identidade e garantir a confidencialidade dos datos correspondentes ás persoas afectadas e a calquera terceira persoa que se mencione na información fornecida, especialmente a identidade da informante no caso de que se identificou.

A identidade da persoa informante só poderá ser comunicada á Autoridade xudicial, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade administrativa competente no marco dunha investigación penal, disciplinaria ou sancionadora. Neste caso, a revelación da identidade estará suxeita a salvagardas establecidas na normativa aplicable. En particular, antes de revelar a súa identidade trasladaráselle á persoa informante, salvo que dita información puidese comprometer a investigación ou o procedemento xudicial. Cando a autoridade competente comuníqueo á persoa informante, remitiralle un escrito explicando os motivos da revelación dos datos confidenciais en cuestión.

### **5.6. Delegado de protección de datos**

O Concello conta coa figura do “Delegado de Protección de Datos” que terá acceso aos datos do Sistema interno dentro do ámbito das súas competencias



## Concello de Vigo

e funcións.

### **6 Medidas preventivas dos conflitos de intereses ou supostos de abstención**

A persoa física individual ou a delegada designada polo órgano colexiado Responsable do Sistema interno da información, examinará de oficio a súa propia afectación polas informacións presentadas con carácter previo a realización de actuación ningunha, do que deixará expresión documentada mediante declaración de ausencia de conflito de intereses e supostos de abstención. En caso de que concorran estas circunstancias, será suplida pola persoa titular do posto a quen corresponda a suplencia.

Igualmente a persoa delegada designada polo órgano colexiado Responsable do Sistema interno da información, examinará se as informacións afectan a algún integrante do órgano colexiados, se de advertir da mera lectura da información, non o convocará a sesión ningunha, poñéndolle de manifesto esta circunstancia á persoa afectada no momento en que non afecte ao transcurso das actuacións de comprobación e dará conta deste extremo na primeira reunión que se leve a cabo.

Na primeira sesión do órgano colexiado Responsable do Sistema Interno de Información quedará documentada a declaración de ausencia de conflito de intereses e supostos de abstencións de todas as persoas físicas que o integren.

### **7 Terminación**

#### **7.1 Prazo.**

O prazo máximo para dar resposta ás actuacións de investigación, que non poderá ser superior a tres meses a contar desde a recepción da comunicación ou, se non se remitiu un acuse de recibo ao informante, a tres meses a partir do vencemento do prazo de sete días despois de efectuarse a comunicación, salvo casos de especial complexidade que requiran unha ampliación do prazo, nese caso, poderá estenderse ata un máximo doutros tres meses adicionais.

#### **7.2 Documentación e comunicación do resultados da comprobación**

Concluídas as actuacións de comprobación e de investigación a persoa física individual ou o órgano colexiado Responsable do Sistema de Interno de información, documentará o resultado das actuacións en informe debidamente motivado.

Se das actuacións resultasen verosímiles as infraccións comunicadas pola persoa informante, se remitirá ao órgano competente para a incoación do

procedemento sancionador ou de restablecemento da legalidade que corresponda.

O informe final tamén será trasladado ás persoas informantes así como ás persoas afectadas polas informacións.

Se, como consecuencia das actuacións de comprobación resultasen indicios de ilícitos penais remitírase ao Ministerio Fiscal ou, de afectar aos intereses financeiros da Unión Europea, á Fiscalía Europea, sen máis trámite.

### **7.3 Carácter irrecorrible do resultado das actuacións de comprobación das informacións presentadas.**

De conformidade co disposto no art. 13.5 da Lei 2/2023, o informe final que documente o resultado da comprobación en relación coas informacións presentadas non serán recorribles en vía administrativa nin en vía contencioso-administrativa.

## **8 Libro-rexistro**

De conformidade, co disposto no art. 27.1 da LPI, as informacións recibidas e as investigacións internas ás que deseen lugar recolleranse no libro-rexistro do Sistema interno de información, garantindo os requisitos de confidencialidade previstos na Lei.

**Segundo:** En garantía da confidencialidade, comunicar ao persoal ao servizo do Concello de Vigo que cando reciban informacións relativas á Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, deberán remitilas inmediatamente ao Responsable do Sistema Interno de Información do Concello de Vigo.

Advertir ao persoal ao servizo do Concello de Vigo, de o quebranto desta garantía confidencialidade a comunicación sexa remitida por canles de denuncia que non sexan os establecidos ou a membros do persoal non responsable do seu tratamento, ao que se formou nesta materia e advertido da tipificación como infracción moi grave da súa quebranto e, así mesmo, o establecemento da obrigaón do receptor da comunicación de remitila inmediatamente ao Responsable do Sistema.

**Terceiro:** A información relativa aos canais externas doutras autoridades competentes, procederase a dar a información sinalada no art. 9.2.b) da Lei 2/2023, do 20 de febreiro.

**Cuarto:** Este acordo será obxecto de revisión, con ocasión dos desenvolvementos normativos no ámbito estatal ou autonómico que se produzan nesta materia e tendo



## Concello de Vigo

en conta a experiencia propia así como a doutros órganos e autoridades competentes, así como as súas recomendacións.

**Quinto:** Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal na páxina de inicio, na sección separada e facilmente accesible na que figure a información e publicidade do Sistema Interno de Información do Concello de Vigo, no Portal municipal de Transparencia, no Portal do Empregado Público e no Perfil do Contratante do Concello de Vigo, na Plataforma de Contratación do Sector Público

**Sexto:** Contra o presente acordo, que esgota vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo máximo dun mes ante este mesmo órgano consonte ao establecido nos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, consonte ao previsto nos arts. 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ambos prazos contados a partir do día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dezaioito horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez